

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de febreiro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezaioito de febreiro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(172).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2/1667, 2/1671, 4/1772, 4/1682, 1/2238, 1/2165, 1/1749, 1747/12, 1868/12, 1863/12.

Examinadas as actuacións do expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Marta Fano López. Expte. 2/1667.
- D^a. M^a Luz Figueroa Paracha. Expte. 2/1671.
- D. Rafael Estévez Vila. Expte. 4/1772.
- D^a. Ramona Morales Riveiro. Expte. 4/1682.
- D^a. Carmen Estévez Abalde. Expte. 1/2238.
- D. Manuel Ríos Freijo. Expte. 1/2165.
- D^a. María Piñeiro Pazos. Expte. 1/1749.
- D^a. Dominga Dacosta Viana. Expte. 1747/12.

- D^a. Emilia Fernández Araujo. Expte. 1868/12.
- D^a. Josefina Digna González Fandiño. Expte. 1863/12.

2(173).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: 22/2285.

Examinadas as actuacións do expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de día para persoas maiores a M^a Victoria Carrizo Fernández. Expte. 22/2285.

3(174).- PRÉSTAMO DE FOTOGRAFÍAS DA COLECCIÓN FOTOGRÁFICA DO CONCELLO DE VIGO Ó CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE (CGAI) PARA A MOSTRA “MIRADAS ALLEAS”. EXPTE. 10725/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 12.02.08, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

- Prestar ó Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, un total de 26 fotografías que se detallan de acordo coa identificación da catalogación realizada polo MARCO en “Anexo único”, pertencentes á Colección Fotográfica do Concello de Vigo; con destino á mostra temporal “*Miradas Alleas*“ que programa o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) entre o 16 de abril ó 9 de xuño, na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela..
- O préstamo das fotografías da colección Fotográfica do Concello de Vigo ó Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) realízase de acordo coas seguintes condicións:
 - Período do préstamo.- Dende o 17 de marzo de 2008 ata o límite da data de devolución ó MARCO 20 de xuño de 2008.
 - Seguemento do tratamento de fondos.- O control dos movementos dos fondos asignarase ao MARCO, que designará un responsábel técnico para o seguemento do tratamento de fondos, actuar como “correo”, supervisar as labores de rexistro, de condicións da montaxe, exhibición, desmontaxe, transporte, etc. Os gastos derivados deste seguemento e control dos fondos correrán por conta da entidade beneficiaria do préstamo.
 - Período do préstamo.- Dende o 17 de marzo de 2008 ata o límite da data de devolución ó MARCO 20 de xuño de 2008,
 - Gastos.- A entidade beneficiaria do préstamo asume tódos os gastos de produción da exposición: traslados dos fondos fotográficos, seguro, montaxe-demontaxe, vixilancia, preparación das salas, etc.
 - Seguro.- A entidade beneficiaria do préstamo garantirá que a totalidade das obras prestadas para a exposición dispoñerán do correspondente seguro, de acordo cos valores que figuran nas relacións da Colección Fotográfica do Concello. A modalidade de seguro será a de “cravo a cravo”, é dicir, dende a data saída (ou de comezo da embalaxe) das obras no MARCO até a devolución no mesmo lugar (ou remate da desembalaxe). O Concello de Vigo será o beneficiario da póliza. Para que se poida producir a saída das obras, a entidade beneficiaria do

préstamo terá presentado no MARCO, con antelación suficiente e para a súa conformidade, unha copia da póliza de seguro ou un certificado de garantía da empresa aseguradora; na que se detallarán os valores individualizados de cada obra, o período de cobertura, a condición de beneficiario do Concello de Vigo, os riscos cubertos, etc. referidos á exposición para a que se prestan (con constancia do lugar de exhibición). En todo caso só se autoriza a saída das obras aseguradas.

- Embalaxe. A entidade beneficiaria realizará ao seu cargo a embalaxe necesaria para os fondos que se presten, no caso que non dispuxeran deles. O MARCO supervisará a realización das embalaxes.
- Transportes.- A entidade beneficiaria realizará os transportes das obras en vehículo adecuado para este fin e informará previamente ao MARCO sobre as súas características e deberá obter a súa conformidade.
- Lugar de recollida e devolución das obras.- MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Rúa Príncipe, 54. 36202 Vigo (Pontevedra). Tel. +34 986 113900/11. Fax. +34 986 113901. info@marcovigo.com; www.marcovigo.com . O horario de recollida e devolución, acordarase entre a entidade beneficiaria do préstamo e o MARCO, tras a autorización do préstamo pola Xunta de Goberno Local; en todo caso o MARCO deberá ser avisado con 10 días de antelación para a recollida das obras.
- Recepción e devolución.- O MARCO designará á persoa que entregará os fondos á entidade beneficiaria do préstamo e que tamén os recollerá; realizando os informes e observacións necesarios sobre o seu estado no momento da embalaxe, da saída, da chegada e da desembalaxe dos fondos. O MARCO indicará ao beneficiario do préstamo as instrucións específicas de montaxe e exhibición das obras que as teñan e o beneficiario obrigase a cumprilas e, en caso de necesidade de adecuación da montaxe ás condicións específicas das salas, deberá obter a conformidade do MARCO.
- Dereitos de autor.- O préstamo dos fondos realízase sen prexuízo dos dereitos de autor que precise obter e xestionar a entidade beneficiaria do préstamo, para reproducións en publicacións, exhibición ou calquera outra obriga que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual.
- Publicidade, difusión e protocolo.- Na difusión que se realice da exposición, así como no catálogo ou outros elementos que se editen, as imaxes indicadas referirán as obras prestadas como “Colección Fotográfica do Concello de Vigo” (ademáis dos datos de autoría, técnicos, etc. que correspondan). Na difusión da exposición deberá facerse constar, cos correspondentes anagramas e logotipos a colaboración, do Concello de Vigo e do MARCO. A entidade beneficiaria do préstamo entregará ao Concello de Vigo, un mínimo de 20 exemplares do catálogo da exposición e das publicacións que se editen con este motivo.

ANEXO ÚNICO.

RELACIÓN DE OBRAS DO PRÉSTAMO Ó CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE PARA MOSTRA TEMPORAL “MIRADAS ALLEAS”

(Inauguración: 18 de abril de 2008. Clausura: 9 de xuño de 2008)

TOTAL: 26 obras fotografías

Paul den Hollander. 023/W35/PH. S/t, 1986. 21 x 32,2 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 700€

Paul den Hollander. 024/W36/PH. S/t, 1986. 21 x 32,2 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 700€.

Cristina García Rodero. 093/W207/CR. S/t, 1987. 23,3 x 35,6 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.000€

Sebastião Salgado. 116/W230/SS. S/t, 1988. 23 x 34,5 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.500€

Les Krims. 137/W266/LK. S/t, 1988. 35,7 x 44,3 cm. Fotografía a cor. Copia Tipo C. Valor seguro: 2.000€

John Davies. 197/W485/JD. S/t, 1992. 25 x 36 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.000€

John Davies. 204/W492/JD. S/t, 1992. 25 x 36 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.000€

Graciela Iturbide. 226/W514/GI. Curación na catedral, 1992. 23 x 34,5 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.000€

Larry Fink. 219/W507/LF. S/t, 1992. 36 x 36 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.000€

Allan Sekula. 240/W528/AS. Mensaxe nunha botella, 1992. 39,7 x 59,7 cm. Fotografía a cor. Cibachrome. Valor seguro: 2.000€

Joan Fontcuberta. 259/W579/JF. S/t, 1994. 108 x 82 cm. Fotografía a cor. Copia Tipo C. Valor seguro: 5.000€

Susan Meiselas. 277/W597/SM. S/t, 1994. 18,5 x 46,7 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.000€

Susan Meiselas. 278/W598/SM. S/t, 1994. 18,5 x 46,7 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 2.000€

Ron O'Donnell. 257/W577/RO. A vinganza do peixe espada, 1994. 79 x 100 cm. Fotografía a cor. Copia Tipo C. Valor seguro: 4.000€

Sue Packer. 294/W614/SP. S/t, 1994. 24,6 x 24,6 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 1.000€

Sue Packer. 299/W619/SP. S/t, 1994. 24,6 x 24,6 cm. Fotografía b/n. Bromuro de plata. Valor seguro: 1.000€

Joel Sternfeld. 262/W582/JS. S/t, 1994. 40 x 50, 5 cm. Fotografía a cor. Copia Tipo C. Valor seguro: 2.000€

Joel Sternfeld. 270/W590/JS. S/t, 1994. 40 x 50, 5 cm. Fotografía a cor. Copia Tipo C. Valor seguro: 2.000€

Karen Knorr. 340/W766/KK. Romarías galegas, 1996. 45 x 62,5 cm. Copia dixital. Iris. Chorro de tinta. Valor seguro: 1.200€

Ruth Thorne-Thomsen. 325/W751/RT. O pazo azul, 1996. 15,5 x 19,5 cm. Fotografía b/n. Bromuro de prata. Valor seguro: 1.200€

Ruth Thorne-Thomsen. 327/W753/RT. O pazo azul, 1996. 15,5 x 19,5 cm. Fotografía b/n. Bromuro de prata. Valor seguro: 1.200€

Aziz+Cucher. 443/W913/AC. S/t, 1998. 55,5 x 45,6 cm. Fotografía a cor. Copia Tipo C. Valor seguro: 1.000€

Daniel Canogar. 440/W910/DC. Estudio para una transición 5, 1998. 29,5 x 102 cm. Copia dixital. Chorro de tinta. Valor seguro: 3.000€

Daniel Canogar. 441/W911/DC. Estudio para una transición 6, 1998. 29,5 x 102 cm. Copia dixital. Chorro de tinta. Valor seguro: 3.000€

Gerardo Suter. 523/W993/GS. Meridianos, 1998. Medidas variables. Instalación dunha imaxe sobre acetatos e vídeos. Valor seguro: 3.000€

Ana Teresa Ortega. 573/W1062/AO. S/t, 2000. 38,5 x 100 cm. Emulsión sobre metacrilato. Valor seguro: 4.000€.

4(175).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 15.193,95 € POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CASA ACOLLIDA E PISO TUTELADO PARA MULLERES. EXPTE. 3269/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 8.02.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 4.02.08, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 02/2008 do “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF-G36.633.154, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 1 de febreiro de 2008, por un importe total de 15.193,95.-€, en concepto da cota fixa da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de xaneiro de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor do “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller”, CIF G-36633.154, por un importe total de 15.193,95.-€, en concepto da cota fixa da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de xaneiro de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

3º.- Aboar ao “Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF G_36.633.154, por un

importe total de 15.193,95.-€, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

5(176).- SEGUNDA CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 2.792,34 € POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO PARA MULLERES. EXPTE. 3277/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 11.02.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 7.02.08, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 04/2008 do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF-G36.633.154, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 6 de febreiro de 2008, por un importe total de 2.792,34€, en concepto de pernoctas e diñeiro de peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de xaneiro de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

2º.- Recoñecer a obriga a favor do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller”, CIF G-36633.154, por un importe total de 2.792,34€, en concepto de pernoctas e diñeiro de peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de xaneiro de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

3º.- Aboar ao “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF G_36.633.154, por un importe total de 2.792,34€, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercicio 2008.

6(177).- SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO “PLAN LOCAL DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO DE TRABALLO ASOCIADO NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 101174/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 13.02.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

E obxecto do presente informe por en coñecemento de esa Xunta de Goberno Local a memoria do proxecto “Plan Local de Promoción do Cooperativismo de Traballo Asociado no Concello de Vigo” a fin de que se adopte a respectiva decisión sobre a súa aprobación e conseguinte solicitude de axuda financeira ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais.

O acordo, que no se caso se adopte trae causa da convocatoria efectuada pola Consellería de Traballo, segundo publicación inserta no DOGA nº 249 de 27 de decembro de 2007, mediante o que se da conta da Orde de 19 de decembro de 2007 correspondente á convocatoria de subvencións nos Concellos de Galicia para a promoción e desenvolvemento de sociedades cooperativas.

Na devandita Orde de 19 de decembro de 2007 establécese como finalidade da convocatoria a asignación de subvencións para contribuir parcialmente á realización de actividades de promoción de cooperativismo nos Concellos de Galicia. A cofinanciación comprometida pola Comunidade Autónoma poderá extender como máximo ó 80% do custe total previsto da actividade.

As actividades obxecto de subvención poderán consistir en calesqueira tipo de acción promocional do cooperativismo e con carácter específico as seguinte: Elaboración e publicación de estudos, informes, traballos de investigación, manuais divulgativos, realización de feiras, mostras, congresos, organización de cursos, xornadas, conferencias, seminarios e simposios.

O obxectivo que se promove a través da iniciativa presentada por esta Administración Local, pódese resumir na seguintes líneas:

- Diagnosticar a realidade do cooperativismo de traballo asociado no Municipio de Vigo, identificando as necesidades tanto das cooperativas xa existentes, como dos novos proxectos.
- Diagnosticar o grao de coñecemento e valoración social que ten a cidadanía viguesa sobre o cooperativismo e a economía social de cara a orientar o deseño de campañas de visibilización e valoración das cooperativas.
- Abrir unha reflexión sobre as posibles líneas de apoio ó cooperativismo na que participen os diferentes axentes do mundo cooperativo e outros colectivos e institucións da cidade.
- Divulgar e visibilizar o cooperativismo no municipio, aproveitando diferentes actos funcionais ó proceso de diagnose e planificación.
- Ordenar a acción de promoción do cooperativismo de traballo asociado no municipio para o período 2009-2012.

Para a consecución dos devanditos obxectivos empléanse os seguintes métodos de análise:

- Enquisa telefónica a cidadanía.
- Entrevistas a cooperativas (30).
- Compilación de datos.
- Estudo de grupos promotores, mediante entrevistas a técnicos locais de emprego e técnicos de outras entidades que presenten novos proxectos (8).
- Elaboración de informe.

Coa mencionada metodoloxía de traballo determínanse as conclusións do proxecto que o marxe se reseñan:

- Xornada de presentación de resultados e experiencias cooperativas.
- Conformación do foro da economía social e o cooperativismo de Vigo.
- Apoio técnico ó Plan: Sistematización achegas, identificación axentes, identificación indicadores e elaboración definitiva de documento do Plan.

O Orzamento previsto no proxecto ascende a cantidade de 37.908,80€ co desglose segundo custe por natureza de gasto que se explicita no apartado 6 da Memoria. A execución do proxecto está previsto teña lugar nun prazo de 7 meses dende a concesión da axuda, dándose cumprimento ó período máximo de desenvolvemento dos traballos establecido na Orde de 19 de decembro de 2007 (artigo 2.1).

En razón ó que antecede esta xefatura propón a esa Xunta de Goberno Local a adopción de presente ACORDO:

- Prestar aprobación á Memoria do proxecto “Plan Local de Promoción do Cooperativismo de Traballo Asociado no Concello de Vigo” presentado por esta Administración Municipal para a súa remisión á

Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo – Xunta de Galicia).

- *Solicitar da Dirección Xeral de Relacións Laborais a admisión da Memoria do proxecto, asignándolle unha axuda financeira de 30.327,04€, equivalente ó 80% do custe total da actuación que se executará nun período de 7 meses, contados a partir do seguinte ó da concesión da axuda con cargo as cifras orzamentadas na aplicación 16.04.324A 460.0, código de proxecto 200800545 da Dirección Xeral de Relacións Laborais.*
- *En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e con carácter específico as previstas no artigo 127.1.f) (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello —exercicio económico 2008 as dotacións suficientes para facer fronte ó 20% do custe previsto do proxecto, en contía de 7.581,76€,*
- *O Concello de Vigo se compromete a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte á totalidade dos pagamentos do proxecto (incluídos os correspondentes a porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación orzamentaria (xeración de créditos) que se tramitara unha vez notificado o compromiso de cofinanciación por parte da Xunta de Galicia.*
- *Confirmar á Dirección Xeral de Relacións Laborais a inexistencia de calesqueira outras solicitudes de axuda ante as administracións públicas e/ou entidades privadas para a financiación do proxecto ou de outros de similares características, así como a no concesión de cofinanciación por ditas administracións ou entidades para a mencionada finalidade.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(178).- RENUNCIA DE D^a. MARÍA ÁLVAREZ VÁZQUEZ Á EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO NA RÚA A GUARDA, DE VIGO. EXPTE. 17990/240.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 1.02.08, conformado polo xefe de Patrimonio e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Dona María Álvarez Vázquez solicita se lle autorice o cese de actividade do quiosco sito na rúa A Guarda de Vigo, do que é titular, e para cuxa instalación e utilización concedéuselle licenza pola Comisión Municipal permanente do Concello, en data 3 de xaneiro de 1980, previa autorización do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- A autorización para a instalación e explotación do quiosco sito na rúa A Guarda outorgada a dona María Álvarez Vázquez, establece o seu carácter persoal, polo que é procedente aceptar a renuncia á autorización por peche de actividade que a solicitante expón, tendo que proceder a interesada á retirada da vía pública do quiosco no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación deste acordo, repoñendo, se así fose necesario, os desperfectos que pola súa instalación e uso poideran ocasionarse na propiedade municipal.

Segundo.- Resulta procedente dar traslado do acordo que se adopte á Administración de tributos e ó Departamento de vías e obras do Concello.

Terceiro.- É competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no art. 127.1 f) da Lei 7/1987, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Polo exposto, de conformidade coa normativa citada e demais de xeral aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de dona María Álvarez Vázquez á explotación do quiosco sito na rúa A Guarda de Vigo.

Segundo.- Autorizar a dona María Álvarez Vázquez para a retirada da vía pública do devandito quiosco, que deberá efectuar no prazo dos quince días hábiles seguintes ó da notificación deste acordo, estando obrigada a reparar os desperfectos causados ó dominio público municipal pola instalación e uso.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Administración de Tributos e ó Departamento de vías e obras do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(179).- RENUNCIA DE D^a. M^a CARMEN LORENZO CARRERA Á EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO EN AVDA. CASTRELOS, 1. EXPTE. 17978/240.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 1.02.08, conformado polo xefe de Patrimonio e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Dona María del Carmen Lorenzo Carrera solicita se lle autorice o cese de actividade do quiosco sito na praza de América, do que é titular por Decreto da Alcaldía de Vigo de data 21 de febreiro de 1996, e polo que se lle autorizou na subrogación da explotación do quiosco concedida por acordo da Comisión Municipal Permanente de 8 de marzo de 1962 a don José López Pérez, por falecemento do anterior titular.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- A autorización para a instalación e explotación do quiosco outorgada en data 8 de marzo de 1962 na que está subrogada dona María del Carmen Lorenzo Carrera por Decreto da Alcaldía de 21 de febreiro de 1996, e ubicado na Praza de América – Avda. de Castrelos, establece o seu carácter persoal, polo que é procedente aceptar a renuncia á autorización por peche de actividade que a solicitante expón, tendo que proceder a interesada á retirada da vía pública do quiosco no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación deste acordo, repoñendo, se así fose necesario, os desperfectos que pola súa instalación e uso poideran ocasionarse na propiedade municipal.

Segundo.-Resulta procedente dar traslado do acordo que se adopte á Administración de tributos e ó Departamento de vías e obras do Concello.

Terceiro.- É competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no art. 127.1 f) da Lei 7/1987, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Polo exposto, de conformidade coa normativa citada e demais de xeral aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de dona M^a del Carmen Lorenzo Carrera á explotación do quiosco sito na Praza de América- Castrelos na que foi autorizada por Decreto da Alcaldía de Vigo o 21 de febreiro de 1996 para o uso do dominio público municipal.

Segundo.- Autorizar a dona M^a del Carmen Lorenzo Carrera para a retirada da vía pública do devandito quiosco, que deberá efectuar no prazo dos quince días hábiles seguintes ó da notificación deste acordo, estando obrigada a reparar os desperfectos causados ó dominio público municipal pola instalación e uso.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Administración de Tributos e ó Departamento de vías e obras do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(180).- RENUNCIA DE D. MODESTO RODRÍGUEZ DÍAZ Á EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO SITO NA TRAVESÍA DE VIGO Nº 9. EXPTE. 17964/240.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 1.02.08, conformado polo xefe de Patrimonio e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Don Modesto Rodríguez Díaz solicita se lle autorice o cese de actividade do quiosco sito na Travesía de Vigo, núm. 9, por razón da súa idade, do que é titular por herdanza da súa nai dona María Díaz Rodríguez.

FUNDAMENTOS

Primeiro. É procedente aceptar a renuncia por peche de actividade que o solicitante expón, tendo que proceder o interesado á retirada da vía pública do quiosco no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación deste acordo, repoñendo, se así fose necesario, os desperfectos que pola súa instalación e uso poideran ocasionarse na propiedade municipal.

Segundo.-Resulta procedente dar traslado do acordo que se adopte á Administración de tributos e ó Departamento de vías e obras do Concello, no que consta o quiosco a nome de María Díaz Rodríguez.

Terceiro.- É competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no art. 127.1 f) da Lei 7/1987, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Polo exposto, de conformidade coa normativa citada e demais de xeral aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de don Modesto Rodríguez Díaz á explotación do quiosco sito na Travesía de Vigo núm. 9, que consta a nome de María Díaz Rodríguez.

Segundo.- Autorizar a don Modesto Rodríguez Díaz para a retirada da vía pública do devandito quiosco, que deberá efectuar no prazo dos quince días hábiles seguintes ó da notificación deste acordo, estando obrigada a reparar os desperfectos causados ó dominio público municipal pola instalación e uso.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Administración de Tributos e ó Departamento de vías e obras do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(181).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26.11.07 RELATIVO Á REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DA ASISTENCIA DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE.275/500.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 23.01.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Visto o escrito de D. Angel Marino Longo Ansa, en representación da empresa “Longo Ansa y Asociados, S.L.”, adxudataria do concurso de “Asistencia técnica para a execución das cláusulas 2º, 3º, 5º, 8º do convenio de Colaboración coa Dirección Xeral do Catastro”, expte. 2757500- Lote A, no que comunica que no acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 26 de novembro de 2007, na que se aproba a revisión ordinaria de prezos do contrato, no apartado b) por tramitación de 902, onde di “En parcelas de mais de dez unidades

urbanas, por cada unidade 10,84 euros (ive engadido)”, dado que o prezo de adxudicación neste caso apartado e de 40,00 euros, o prezo actualizado correcto sería de 41,68 euros.

Polo exposto, a instancia de parte, e consonte co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26.11, propónse a Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte:

ACORDO

Retificar o erro material, do apartado b), do acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de novembro de 2007, quedando dito parágrafo como sigue:

“apartado b), por tramitación 902, - En parcelas de mais de 10 unidades urbanas, por cada unidade 41,68 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(182).- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DA ORDE DA X.GOBERNO LOCAL DO 14.11.05 DE EXECUCIÓN DA OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE APARCAMENTOS NA PORTA DO SOL E PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 14714/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 1.02.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 14 de novembro de 2005 acordou ordear á concesionaria Interparking Hispania S.A., a execución das obras de remodelación dos aparcamentos de Praza de Portugal e Porta do Sol, nun prazo de sete (7) e cinco (5) meses respectivamente, dacordo cos proxectos redactados polo Enxeñeiro de Camiños D. Luis Antonio Serrano Blanco, Enxeñeiro Industrial D. Antonio Reboreda Martínez, o Arquitecto D. Ramón Reboreda Martínez, e o Enxeñeiro Técnico Industrial D. Luis Durán Ageitos, e visados polos Colexios Oficiais de Arquitectos en data 2/08/2005 e o de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos en data 19/09/2005.

SEGUNDO.- A Sociedade Interparking Hispania, S.A. en data 8 de xuño de 2006 comunica o concello o remate dos traballos de remodelación do aparcamento da Porta do Sol, sendo asinada pola concesionaria e a administración municipal, en data 23 de marzo do 2007, a Acta de recepción das obras de Conservación no aparcamento da Porta do Sol, da que resultou enterada a Xunta de Goberno Local en sesión de 7 de maio de 2007.

TERCEIRO.- En data 23 de novembro do 2007, a sociedade concesionaria comunica o remate das obras de remodelación do aparcamento soterraneo da Praza de Portugal solicitando a recepción das mesmas polo Concello. Remitido o escrito presentado ao enxeñeiro municipal, emite o correspondente informe en data 13 de novembro do 2007, sinalando que "... O 12/12/2007, procedeuse a visita-lo aparcamento dea Praza de Portugal, e nunha inspección visual practicada ó efecto, observouse, que as reparacións feitas no citado aparcamento en concesión, correspóndense sensiblemente coas que se estimaban necesarias no meu informe de data 02/10/2001. A requirimento do Concello, as obras de reposición da cuberta do último forxado, limitáronse ó morteiro de protección da lamina asfáltica d impermeabilización, sendo por conta do Concello o novo acabado da superficie da praza de uso público. As obras, na segunda planta, realizáronse en avisar ó técnico informante, polo que non se practicou o seguimento das mesmas. Do resto, si se fixo o seguimento das mesmas.”

CUARTO.- O 14 de decembro do 2007 asinase pola concesionaria e a administración municipal, Acta de recepción das obras de Conservación no aparcamento da Praza de Portugal, na que faixe constar, “que as obras de conservación realizadas se axustan sensiblemente o proxecto aprobados e se encontran en bo estado de conservación e funcionamento, sen que se aprecien vicios externos.(...)”

QUINTO.- A teor do que antecede, cabe concluír que se pode estimar cumprida a orde de execución dictada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 14 de novembro de 2005, no que se refire as obras de remodelación

dos aparcamentos públicos da Porta do Sol e da Praza de Portugal.

SEXTO.- Resulta competente para a adopción do correspondente acordo, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127. 1.f. da Lei 7/85 do RBRL trala modificación operada por Lei 57/2003 modernización do Goberno Local.

Por todo o que antecede proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Ter por cumprida, pola concesionaria Interparking Hispania S.A., a orde de execución da Xunta de Goberno Local de 14 de novembro de 2005, en relación ás obras de remodelación do aparcamentos da Porta do Sol e da Praza de Portugal, de acordo coas actas de recepción das obras asinadas o 23.12.2007 e 14.12.2007.

2º.- Dar traslado do presente acordo á concesionaria e servizos municipais correspondentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(183).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICIÓN DE D.^a CONSUELO PÉREZ RODRÍGUEZ EN RELACIÓN Á DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO EN BAIXADA Ó RÍO R2 EN MOLEDO. EXPTE. 17908/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 4.02.08, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dña. Consuelo Pérez Rodríguez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.09.2006 solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do camiño Baixada o Rio ramal 2 en Moledo-Sárdoma. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- *Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 27-03-2007. No*

que sinala que tratase dun estreito camiño delimitado por peches de fincas, con firme formigonado e servizo de iluminación pública.

- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 30-07-2007: Consta de alumeado público, estando incluído nas operacións de mantemento e conservación que se realiza periodicamente na cidade.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27-08-2007. O camiño consta no Catastro e aparece reflectido no plano Lecar escala 1:2.000 de 1964.
- Informe de Servizo de Vías e Obras, de data 10-11-2007: Ten servizos de abastecemento e alumeado público e o seu pavimento e de formigón.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á Asociación de Veciños de Sárdoma e aos propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se poideran ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, non constando a formulación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmóbeis, como ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-2 camiño Baixada o Rio-Moledo. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles aos que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ao 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ao uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade

determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ao seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, procedese rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ao corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ao uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubitado tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración. Se temos en conta que o ordeamento xurídico recoñece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluir que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o camiño de Baixada o Río R-2. é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- *Natureza xurídica da presente reclamación.* A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ao exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais da orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- *Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa.* Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.-Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Dña. Consuelo Pérez Rodríguez mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18-09-2006 ao non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Baixada ao Río R-2 en Moledo-Sárdoma, recollido no epígrafe I de bens inmóbeis do Inventario municipal de bens e dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(184).- REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE. 18216/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio, do 29.11.07, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de vixilancia no Museo Quiñones de León, adxudicado a “Securitas”, fixando este para o período outubro 22 de outubro de 2005 a outubro de 2006, na cantidade de 226.740,00 €.

O prezo hora en días laborais de luns a venres establececese en 15,05 € e o prezo de sábados domingos e días festivos 16,07 €/hora.

14(185).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a BESADA Y FAÍLDE BMJ Arquitecto a fianza de 1020 € constituída para responder da redacción de proxectos de reconstrucción da Finca Solita, xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.. Expte.. 2132/241.

B) Devolver a Royal Ofy S.l. a fianza por importe de 2.320 € constituída para responder da subministración de consumibles informáticos, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.. Expte.. 2108/241.

C) Devolver a Sirvent S.L.:

- a fianza por importe de 1.449,64 € constituída para responder da subministración de mobiliario para centros sociocomunitarios xa que foi recibida mediante acta de 4.11.03 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Exptes 2150/241.
- a fianza por importe de 2.524,62 € constituída para responder da subministración de mobiliario para o Centro Cívico de Teis xa que foi recibida mediante acta de 4.11.03 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Exptes 2151/241.

15(186).- MODIFICACIÓN DAS TRAZAS DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA CASTELAO E AUTORIZACIÓN DA EXECUCIÓN SIMULTÁNEA DAS OBRAS CORRESPONDENTES ÓS MESMOS. EXPTE. 18201/204.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 12.02.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de*

servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao á favor da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteprojectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.

Segundo.- D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de outubro de 2007, solicita que se autorice a execución simultánea dos traballos de construción dos aparcadoiros subterráneos das rúas Jenaro de la Fuente e Castelao. Posteriormente, en data 9 de novembro, presenta novo escrito proponendo ó órgano de contratación determinadas modificacións das trazas dos aparcadoiros obxecto desta concesión.

Durante a tramitación destas propostas de modificación recabáronse informes técnicos ós departamentos municipais implicados, así:

- Informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 20 de novembro de 2007.
- Informes do Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, de datas 10 e 14 de decembro de 2007.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007 á COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. Este contrato é definido pola Lei de contratos das Administracións públicas como aquel mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP). A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A solicita, en primeiro lugar, autorización para a execución simultánea das obras correspondentes ós aparcadoiros das rúas Jenaro de la Fuente e Castelao. Xustifica a súa petición no feito de que o artigo 6.4. b) PCAP impón a construción simultánea do aparcadoiro de Rosalía de Castro e do Proxecto de Urbanización dese ámbito, a executar pola respectiva Xunta de Compensación, co fin de evitar obras continuas en lugares próximos. Neste momento o Proxecto de Urbanización de Rosalía de Castro está paralizado por mor da aparición de importantes restos arqueolóxicos da época romana. Esta circunstancia é previsible que condicione a definición do ámbito e a posterior execución do aparcamento, sendo imprevisible neste intre a data en que ambos proxectos, aparcamento e urbanización, se poidan acometer.

O artigo 6.4 PCAP establece a programación das obras dos diferentes aparcadoiros obxecto do concurso do seguinte xeito:

- En primeiro lugar executaranse os aparcadoiros localizados nas rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Genaro de la Fuente (Lote nº 2).

- Ó obxecto de evitar obras continuas en lugares cercanos contiguos ós aparcadoiros das Rúas Pintor Colmeiro (Lote nº 1) e Rosalía de Castro e anexo (Lote nº 2) construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación. Nestes supostos os Proxectos de Construción deberán ter en conta e coordinarse co previsto nos Proxectos de Urbanización. Non obstante o exposto ó órgano de contratación, xustificadamente, en virtude dos informes que neste senso se emitan, poderá autorizar o comezo das obras mencionadas sempre e cando tales informes indiquen que as obras de urbanización dos ámbitos urbanísticos concluíranse antes ou ó mesmo tempo que as dos aparcadoiros citados.
- Os aparcadoiros da rúa Areal (Lote nº 1) de da Avenida Castelao (Lote nº 2) construíranse, respectivamente, unha vez rematadas as obras dos aparcadoiros das rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Pintor Colmeiro (Lote nº 1) ou ben, cando ó xuízo do órgano de contratación, previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade, se considere que o estado e fase das obras dos últimos aparcadoiros citados non afectan á fluidez do tráfico rodado no seu contorno.

Á vista deste precepto, o aparcadoiro previsto na rúa Castelao, en principio non pode construírse ata o remate das obras do aparcadoiro de Pintor Colmeiro correspondente ó lote 1, no entanto, o propio precepto, deixa aberta a posibilidade de simultanear as obras de ambos aparcamentos, se ben, impón como requisitos previos á autorización do órgano de contratación: 1º.- O previo informe favorable da Xefatura da Área de Tráfico e Mobilidade; 2º.- Que a execución simultánea das obras correspondentes a ambos aparcadoiros non afecten a fluidez do tráfico rodado no seu contorno. Neste senso, o Xefe da Área de Tráfico e Mobilidade, en informe de data 14 de decembro de 2007, manifesta que “a posibilidade de simultanear a execución dos aparcadoiros non ofrece problemas pola distancia entre ambos e a súa desconexión entre ambos tramos viais”, se ben establece as seguintes condicións para a súa autorización:

- a) Antes do comezo das obras estas deberán estar axeitadamente sinalizadas e cun plan de información que deberá ser aprobado polo Departamento de Tráfico e a costa do concesionario.
- b) A prioridade absoluta é que en modo ningún poida ocasionar prexuízos ó transporte colectivo urbano en canto a circulación e paradas.
- c) Deben garantirse os subministros, accesos a garaxe nas zonas afectadas e beirarrúas peonís con garantía suficiente.

-III-

COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A presenta unha memoria na que propón diversas modificacións respecto ó proxecto básico das trazas dos aparcadoiros obxecto da concesión de que é titular. Examinaremos estas modificacións con respecto a cada un dos aparcadoiros.

– APARCADOIRO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO

En relación a este aparcadoiro se propoñen as seguintes modificacións:

1º) Cambio do método construtivo, executando o aparcamento mediante o método inverso, que permita diminuír, na medida do posible, a afección ó tráfico durante a execución dos traballos.

2º) Reordenación dos accesos e saídas rodados, de xeito que se elimine a súa afección a garaxes e se minimize o seu impacto no tráfico rodado.

Se plantexa que o aparcamento dispoña de cinco accesos rodados, situados como se describe a continuación:

- Situado na rúa Oporto dende o Norte, dando acceso ó tráfico da rúa Areal ó interior do aparcamento.
- Situado na beirarrúa Norte da rúa Rosalía de Castro, entre as rúas Oporto e Canceleiro, próximo á esquina de Oporto con Rosalía de Castro, dando acceso ó tráfico da rúa Rosalía de Castro ó interior do aparcamento.
- Situado na beirarrúa Sur da rúa Rosalía de Castro, entre as rúas Heraclio Botana e Canceleiro, dando acceso ó tráfico da rúa Rosalía de Castro ó interior do aparcamento.
- Situado na futura ampliación da rúa Rosalía de Castro, na beirarrúa Sur na zona máis próxima á

rúa García Barbón, dando acceso ó tráfico da rúa Rosalía de Castro ó interior do aparcamento.

- Situado na futura rúa Miragaia, na beirarrúa Norte da futura ampliación da rúa Rosalía de Castro, dando acceso ó tráfico proveniente da rúa García Barbón ó interior do aparcamento.

Se plantexa que o aparcamento dispoña de catro saídas rodadas, situadas, de forma que non interfiran con saídas de garaxes xa existentes, como se describe a continuación:

- Situada na rúa Oporto, cara ó Sur, dando saída cara a rúa García Barbón. Esta saída substituiría á planeada no anteproxecto na rúa Canceleiro, deixando a rúa Canceleiro sen ningún tipo de afección pola construción do aparcamento.
- Situada na rúa Rosalía de Castro, na súa beirarrúa Norte, entre as rúas Canceleiro e Serafín Avendaño, dando saída ó tráfico cara a rúa Rosalía de Castro, Canceleiro e García Barbón.
- Situado na beirarrúa Sur da futura ampliación da rúa Rosalía de Castro, dando saída ó tráfico cara a rúa García Barbón.
- Situada na beirarrúa Norte da futura ampliación da rúa Rosalía de Castro, dando saída ó tráfico cara a futura rúa Miragaia e Areal.

3º) Reordenación dos accesos peonís, de xeito que se elimine a súa afección a garaxes e se manteña o cumprimento da normativa contraincendios vixente (CTE-DB-SI Documento Básico Seguridade en caso de incendio).

Ó ser preciso desprazar algúns dos accesos previstos, co fin de garantir o cumprimento da normativa é necesario engadir un acceso peonil máis. Polo tanto, se propoñen seis accesos peonís, dispostos, de maneira que non afecten ós garaxes xa existentes, como se describe a continuación:

- Situado na beirarrúa Sur de la Calle Rosalía de Castro entre as rúas Oporto e Heraclio Botana.
- Situado na beirarrúa Norte de la Calle Rosalía de Castro entre as rúas Oporto e Canceleiro.
- Situado na beirarrúa Sur da rúa Rosalía de Castro entre as rúas Heraclio Botana e Canceleiro.
- Situado na beirarrúa Norte de la calle Rosalía de Castro, entre as rúas Canceleiro e Serafín Avendaño.
- Situada na beirarrúa Sur da futura intersección entre a ampliación da rúa Rosalía de Castro e Serafín Avendaño.
- Situada na beirarrúa Norte da futura ampliación da rúa Rosalía de Castro, nas proximidades da súa intersección coa futura rúa Miragaia.

4º) Eliminación, na medida do posible de sobreanchos na zona da futura urbanización, de maneira que se poida acometer de forma segura a execución das pantallas e o retranqueo dos servizos afectados.

Se plantexa unha modificación do tratamento en superficie da zona, que permita manter a sección que terá a rúa Rosalía de Castro en toda a súa lonxitude, isto es dous carrís por sentido cunha mediana intermedia, suprimindo toda a zona de aparcamento en fila, de forma que se obteñan carrís de circulación máis anchos que os plantexados no proxecto de urbanización.

- APARCAMENTO DE RESIDENTES DE ROSALÍA DE CASTRO

No anteproxecto se detectou un problema de índole estrutural, xa que os piares existentes nas diferentes plantas non se atopan aliñados verticalmente. A solución que se propón consiste na reordenación do interior do aparcamento, trasladando a rampla interior dende o lado Sur do aparcamento ó lado Norte. De esta maneira se pretende resolver o problema sen ocasionar unha perda de prazas de aparcamento. É preciso para ilo trasladar o acceso peonil do lado Norte do aparcamento á esquina Sureste, sen que ilo supoña ningunha variación nas distancias de evacuación. A afección que sofre a urbanización prevista na zona é reducida, supoñendo unicamente unha permuta na zona reservada para o edículo de saída peonil de aparcamento.

- APARCAMENTO PÚBLICO DA RÚA JENARO DE LA FUENTE

Se propón a execución da cimentación mediante pantalla descontinua de pilotes así como a diminución da lonxitude do aparcamento. Así mesmo, co fin de garantir o cumprimento da normativa antincendios se fai

necesario un acceso peonil máis. Así, se propoñen cinco accesos peonís, dispostos, de maneira que non afecten ós garaxes xa existentes, como se describe a continuación:

- Situado entre a rotonda de María del Carmen e a praza de Maruja Mallo, na marxe dereita da rúa Jenaro de la Fuente (sentido Travesía de Vigo-Aragón), aproximadamente a uns trinta metros da esquina de Jenaro de la Fuente coa Rotonda de María del Carmen.
- Situado entre a marxe esquerda da rúa Jenaro de la Fuente (sentido Travesía de Vigo-Aragón), enfronte da praza de Maruja Mallo.
- Situado na marxe esquerda da rúa Jenaro de la Fuente (sentido Travesía de Vigo-Aragón), entre as rúas Numancia e Cataluña, facendo esquina coa rúa Numancia.
- Situado na marxe dereita da rúa Jenaro de la Fuente (sentido Travesía de Vigo-Aragón), entre as rúas Cataluña e Extremadura, facendo esquina coa rúa Cataluña.
- Situado na marxe esquerda da rúa Jenaro de la Fuente (sentido Travesía de Vigo-Aragón), entre as rúas Extremadura e Aragón, aproximadamente a trinta metros da esquina de Jenaro de la Fuente e Aragón.

Á corrección necesaria nos accesos peonís implica necesariamente acometer unha reordenación dos accesos rodados. Se plantexa que o aparcamento dispoña de dous accesos rodados, situados como se describe a continuación:

- Situado na rúa Jenaro de la Fuente, na marxe dereita sentido Travesía de Vigo-Aragón, a uns trinta e cinco metros do comezo da rúa dende Travesía de Vigo. Dando acceso ó tráfico procedente da glorieta de María del Carmen.
- Situado na rúa Jenaro de la Fuente, na marxe esquerda sentido Travesía de Vigo-Aragón, a uns trinta e cinco metros da esquina formada por Jenaro de la Fuente coa rúa Aragón. Dando acceso ó tráfico procedente da rúa Aragón e de Jenaro de la Fuente.

Así mesmo, se plantexa que o aparcamento dispoña de dous saídas rodadas, situadas como se describe a continuación:

- Situado na rúa Jenaro de la Fuente, na marxe esquerda sentido Travesía de Vigo-Aragón, no comezo da rúa dende Travesía de Vigo. Dando saída ó tráfico cara a rotonda de María del Carmen.
- Situado na rúa Jenaro de la Fuente, na marxe dereita sentido Travesía de Vigo-Aragón, no comezo da rúa dende Aragón. Dando saída ó tráfico cara a Jenaro de la Fuente, Aragón e Avenida do Aeroporto.

A solución plantexada inclúe unha rotonda no interior do aparcamento no extremo de Travesía de Vigo, de maneira que se eviten xiros en fondo de saco que se poidan traducir en afección ó tráfico de superficie.

- APARCAMENTO PÚBLICO DA AVENIDA CASTELAO

Se propón a execución da cimentación mediante pantalla descontínua de pilotes e, co fin de garantir o cumprimento de dita normativa se precisan dous accesos peonís máis. Polo tanto, se propoñen cinco accesos peonís, dispostos, de maneira que non afecten ós garaxes xa existentes, como se describe a continuación:

- Situado na marxe esquerda da Avenida de Castelao, sentido Praza de América-Alcampo, na confluencia da rúa Doctor Darío Durán coa Avenida de Castelao.
- Situado na marxe dereita da Avenida de Castelao, sentido Praza de América-Alcampo, na confluencia da rúa Estrada coa Avenida de Castelao, no parque de Coia.
- Situado na marxe dereita da Avenida de Castelao, sentido Praza de América-Alcampo, a uns corenta metros da confluencia da rúa Estrada coa Avenida de Castelao, no parque de Coia.
- Situado na marxe dereita da Avenida de Castelao, sentido Praza de América-Alcampo, a uns cento dez metros da saída do paso inferior de Praza de América, no parque de Coia.
- Situado na marxe dereita da Avenida de Castelao, sentido Praza de América-Alcampo, a uns trinta metros da saída do paso inferior de Praza de América, no parque de Coia.

Se propón tamén unha reordenación dos accesos e saídas rodadas, de maneira que non se altere o número pero sí a súa ubicación. Os dous accesos rodados se describen a continuación:

- Situado na marxe esquerda da Avenida de Castelao, sentido Praza de América-Alcampo, a uns cento trinta metros da confluencia da rúa Doctor Darío Durán coa Avenida de Castelao. De esta maneira se permite dar acceso ó interior do aparcamento ó tráfico proveniente da Avenida de Castelao, sentido Praza de América, da rúa Doctor Darío Durán e da rúa da Estrada, evitando así cambios de sentido en Praza de América.
- Situado na Avenida de Castelao, na marxe dereita sentido Praza de América-Alcampo, a uns cincuenta metros da saída do paso inferior de Praza de América, dando acceso ó tráfico proveniente de Praza de

América e Gran Vía ó interior do aparcamento.

Se pretende reordenar as saídas rodadas, deixando o mesmo número que nas contempladas no anteproxecto, como se describe a continuación:

- *Situado na Avenida de Castelao, na marxe dereita sentido Praza de América-Alcampo, uns sesenta e cinco metros despois da confluencia da rúa Estrada con Avenida de Castelao, dando saída ó tráfico cara a Samil-San Paio de Navia.*
- *Situado na marxe esquerda da Avenida de Castelao, sentido Praza de América-Alcampo, a uns cento setenta metros da confluencia da rúa Doctor Darío Durán coa Avenida de Castelao. De esta maneira se permite dar saída do interior do aparcamento con sentido Praza de América, evitando as necesidades de cambios de sentido na rotonda de Alcampo.*

Destaca o contratista que coas modificacións propostas se deixan libres de afección as rúas Estrada e Doctor Darío Durán, nas que no anteproxecto están contempladas unha saída e unha entrada rodada respectivamente. Todas estas modificacións propostas poden cualificarse como axustes do proxecto básico presentado de cara a redacción do proxecto de obras definitivo. Trátase de variacións de detalle que non afectan a economía do contrato, polo que non existe inconveniente na súa aprobación. Nesta liña, informa o enxeñeiro municipal supervisor das obras, en data 13 de febreiro de 2008, que os cambios propostos non representan variación do prezo inicial do contrato. A lei de contratos, no seu artigo 229.3, da entrada a estas eventuais melloras ou axustes á hora de formular o contratista o proxecto de obras, preceptuando que será de aplicación o réxime de melloras do anteproxecto elaborado pola Administración, sempre e cando o prego de cláusulas administrativas particulares o autorice, e nos termos que este estableceza (artigo 228.5 LCAP), posibilidade recollida no artigo 30 PCAP. Neste senso, o prego de prescricións técnicas que rexeu o concurso para a adjudicación deste contrato admite esta posibilidade no seu artigo 6 apartado 2.6 ó dicir que “o proxecto de construción axustarase ás especificacións contidas neste prego. Nembargantes, previa xustificación, poderanse adoptar solucións distintas que melloren a funcionalidade e as características construtivas da obra e das súas instalacións. Calquera variación deberá ser unha mellora sobre as características mínimas que se indican no presente prego”.

O Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de urbanismo, nomeado enxeñeiro supervisor das obras, informa en data 19 de novembro de 2007, que as modificacións propostas polo concesionario nos aparcadoiros do lote-2, melloran as características construtivas da execución, o funcionamento dos aparcadoiros simplificando os recorridos, e, sobre todo, o servizo ó usuario, e propón a súa incorporación ó proxecto de construción á redactar polo concesionario.

Así mesmo, o Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade, en data 10 de decembro de 2007, informa o seguinte sobre as modificacións propostas:

a) Aparcadoiro de Rosalía de Castro

- *Informa favorablemente o cambio do método construtivo.*
- *Respecto ós axustes na accesibilidade ó aparcadoiro solicita a súa maior concreción nos planos, unha maior concreción nas zonas de carga e descarga, paradas de autobús, aparcamentos en superficie e solucións propostas nas zonas de reciclaxe e que se xustifiquen cumpridamente as supresións de pasos peonís.*

– Aparcadoiro de Jenaro de la Fuente

- *Respecto ós axustes na accesibilidade ó aparcadoiro solicita a súa maior concreción nos planos, unha maior concreción nas zonas de carga e descarga, paradas de autobús, aparcamentos en superficie e solucións propostas nas zonas de reciclaxe.*
- *Considera acertado adiantar ó acceso próximo a rúa Aragón e, pola contra, considera desacertada a proposta de levar até o paso de peóns da praza a saída descendente, atendendo a que dificultaría innecesariamente a xestión da circulación na rotonda.*

a) Aparcadoiro de Castelao

- *Informa favorablemente o cambio do método construtivo.*
- *Respecto ós axustes na accesibilidade ó aparcadoiro solicita a súa maior concreción nos planos, unha*

maior concreción nas zonas de carga e descarga, paradas de autobús, aparcamentos en superficie e solucións propostas nas zonas de reciclaxe.

- *Parécelle acertada a proposta de modificacións de entradas e saídas en base a captación de tráfico, xa que a saída cara a Praza de América evitaría incrementar a conxestión da denominada Glorieta de Alcampo cos vehículos que saíndo do aparcadoiro desexen continuar a súa marcha cara a Praza de América.*

-IV-

Presentada a oportuna proposta sobre a modificación das trazas dos aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castela polo adxudicatario da concesión, cos documentos que a xustifican, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación.

Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-V-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

En mérito ó que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a execución simultánea das obras correspondentes ós aparcadoiros das rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castela condicionadas ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- *Antes do comezo das obras estas deberán estar axeitadamente sinalizadas e cun plan de información que deberá ser aprobado polo Departamento de Tráfico.*
- *Non pode ocasionar prexuízos ó transporte colectivo urbano en canto a circulación e paradas.*
- *Deben garantirse o subministro de servizos, accesos a garaxes e seguridade nas beirarrúas peonís nas zonas afectadas.*

2º.- Aprobar os axustes nas trazas dos aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castela propostas por D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, en escrito de data 9 de novembro de 2007, e detalladas no fundamento xurídico III do corpo deste escrito, salvo a referente a saída do aparcadoiro de Jenaro de la Fuente descrita como saída 1 “situada na rúa Jenaro de la Fuente, na marxe esquerda sentido Travesía de Vigo-Aragón, no comezo da rúa dende Travesía de Vigo. Dando saída ó tráfico cara a rotonda de María del Carmen” que deberá reubicarse tendo en conta as observacións efectuadas polo Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade.

3º.- De cara a redacción do proxecto definitivo deberá terse en conta, a teor do informado pola Xefatura da Área de mobilidade e seguridade, a maior concreción nos planos das zonas de carga e descarga, paradas de autobús, aparcamentos en superficie e solucións propostas nas zonas de reciclaxe e que se xustifiquen cumpridamente as supresións de pasos peonís.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(187).- RECLAMACIÓN DE Dª CARMEN SIMÓN SIMÓN DE

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1310/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Simón Simón presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de novembro de 2006, polos danos materiais causados ó muro de súa propiedade, localizado en Casal de Abaixo número 9, por mor da caída dun sinal de tráfico sobre o mesmo, caída provocada por un coche.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 03/06/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Simón relátalles que atopara os desperfectos no muro e os restos dun sinal caído; así mesmo, os veciños da zona indican que non chegaron a ver o accidente pero si escoitaron o ruído dun golpe seguido dun rincho de rodas dalgún vehículo que marchaba a gran velocidade.*
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación viaria, de data 16/07/2007, sobre a intervención da empresa API referida á reposición do sinal caído.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 09/08/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia), competencia na que pode englobarse a actividade de sinalización das vías, tanto horizontal como vertical, como neste caso, no que os presuntos danos prodúcense, segundo a reclamante ó caer unha sinal vertical situada na beirarrúa enriba do muro da súa vivenda.

Cuarto.- A Sra. Simón, no seu escrito inicial interpoñendo a presente reclamación, en data 20 de novembro de 2006 manifesta ter sufrido danos no muro da súa vivenda ó caerlle enriba unha sinal vertical por mor dun accidente de tráfico no que se veu implicado un vehículo non identificado. No seu escrito de mellora de solicitude, en data 5 de decembro do mesmo ano, a Sra. Simón engade que cando os operarios municipais acudiron a reparar a sinal tiraron outro tramo de muro, se ben non pode precisar a data da reparación por non

atoparse na súa vivenda nesa data. No entanto, solicitado informe ó servizo de circulación viaria sobre os feitos, este manifesta que “o poste foi reparado en data dous de outubro de 2006”, pola empresa encargada do mantemento da sinalización, A.P.I., á que non lle consta a derruba do muro posto que “o sinal instálase na rúa sen tocar o muro”. Polo tanto, no momento en que a Sra. Simón fai a reclamación a sinal xa tiña sido reparada sen causarlle danos no seu muro.

Quinto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, e dado que como proba do seu relato fáctico limitase a achegar ó expediente un presuposto de reparación do muro, a informante dirixiuse a Policía Local, por se tivera constancia dos feitos. Sen embargo, a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o suposto accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar a existencia de danos na sinal de tráfico e no muro da vivenda da Sra. Simón, non poden dar fe da causa do accidente, e non existe ningunha testemuña presencial do mesmo que poda acreditar este extremo. Á vista destes datos temos de concluír, que se ben non existe dúbida de que a reclamante sufriu danos no muro da súa vivenda, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Sexto.- Hai que ter en conta, ademais, que a Sra. Simón manifesta que en primeira instancia os danos foron causados por un vehículo non identificado. O carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración haxa de responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para illo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención dun terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso. Así se reflicte en [sentenzas do Tribunal Supremo como as de 27 de decembro de 1999 e 9 de maio de 2001](#), segundo as cales, «es doctrina jurisprudencial consolidada la que sostiene la exoneración de responsabilidad para la Administración, a pesar del carácter objetivo de la misma, cuando es la conducta del propio perjudicado o la de un tercero la única determinante del daño producido aunque hubiese sido incorrecto el funcionamiento del servicio público ([Sentencias, entre otras, de 21 de marzo, 23 de mayo, 10 de octubre](#) y 25 de noviembre de 1995, 25 de noviembre y [2 de diciembre de 1996](#), 16 de noviembre de 1998, [20 de febrero, 13 de marzo](#) y [29 de marzo de 1999](#)».

O feito de que a responsabilidade da Administración se configure como obxectiva, non permite tampouco estender a mesma ata cubrir os danos producidos por terceiros e converter as Administracións públicas en aseguradoras universais de todos os riscos, co fin de prever calquera eventualidade desfavorábel ou danosa para os administrados, derivada da súa propia actividade, porque, do contrario, transformaríase o sistema de responsabilidade patrimonial das Administracións en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico (STS de 4 de maio de 1998).

Dado que os danos foron xerados por feitos e circunstancias nos que non se acreditou que esta Administración tivese participación ningunha, directa nin indirecta, inmediata ou mediata, a informante conclúe que non existe relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Simón no muro da súa vivenda e o funcionamento do servizo público local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Carmen Simón Simón, en data 20 de novembro de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probados nin os presuntos danos nin o nexa de causalidade entre os mesmos e o

funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(188).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA MARÍA DÍEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1233/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 22.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Díaz González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 22.9.2006, no que expón que o día 16.9.2006, mentres camiñaba pola rúa Pastora tivo unha caída tras tropezar nun pao metálico dunha sinalización de tráfico, que se atopaba na súa base seccionada e anclada ó pavimento, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 16.9.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, varios veciños manifestan que a Sra. Díez xa fora trasladada ó hospital, e que tropezara nos restos dunha base de sinal de tráfico; igualmente comprobaban os restos da base do sinal.*
- Informe do Servizo de seguridade e circulación viaria de data 6.11.2006.*
- Práctica de proba testifical, con data 20.12.2006, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.999 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que presenta documentación en data 22.3.2007.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente. E así, resulta acreditada que a solicitante caeu o día 16 de setembro de 2006, na beirarrúa, ó tropezar cos restos dun sinal que se atopaba no lugar, a consecuencia do que sufriu lesións, que o ditame médico solicitado ó efecto e que consonte co art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26.11. serve de motivación a esta resolución, cuantifica en 1.584,00 euros, por canto tras valoración do oftalmólogo de 21.9.2006 o informe médico do Dr. García Pazos de 7.11.2006 da como curación esa data. Á vista destes informes médicos que descartan patoloxía intraocular ningunha non procede aceptar como consecuencia do accidente o informe médico de 21.3.2007 do seu médico de familia, que certifica que a esa data presenta unha leve fibrose e unha probabel neuropatía compresiva debida a ésta. A reclamante rompeu ó caer as súas gafas que segundo factura que se achega avalíanse men 415,00 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, daría lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Do parte de servizo da Policía local . e da proba testifical practicada constátase que o anaco de sinal que sobresalía uns centímetros da beirarrúa, 10 segundo una das testemuñas era visíbel, e era de día e había unha boa visibilidade, non constituíndo, polo tanto, un defecto ou trampa oculto, polo que consonte coa doutrina citada (dítame 748/2006 CC Galicia en suposto similar para un anaco de sinal que sobresalía 2 ou 3 cm) teríase que desestimar a reclamación presentada.

Non obstante, hai unha circunstancia que constan no expediente que atempera en parte o anterior: que Dna. María Pilar Mariño é relativamente unha persoa maío. Cómpre indicar ó respecto a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal , tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos corporais estimada no ditame emitido pola Asesoría médica do Concello, isto é, coa cantidade de 999,50 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. María María Díez González por unha caída ocorrida o día 16 de setembro de 2006 na rúa Pastora e indemnizala coa contía de 999.50 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(189).- RECLAMACIÓN DE D.CESAR A. OUTERELO GONZÁLEZ (D. EDUARDO

FERNÁNDEZ CRISPÍN) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1377/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. César A. Outerelo González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial no nome e representación de don Eduardo Fernández Crispín, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4.1.2007 no que expón que o día 16.3.2006, deixara a motocicleta da súa propiedade , matrícula 8859-DLK estacionada no Camiño Pereiriña, á altura do seu núm. 12, e ésta caeu lateralmente tras que o asfalto cedese, causándolle danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, con data 16.3.2006, na que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Fernández relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán o oco deixado no asfalto pola moto e os danos ocasionados ó vehículo.*
- Informe do Servizo de vías e obras, de data 6.2.2007 no que indican que o vial de referencia fora asfaltado en frío en xaneiro de 2006, cabendo a posibilidade de que na data do accidente o aglomerado aínda non estivera ben curado.*
- Informe do Servizo de párcos móbil de data 12.2.2007 sobre os prezos contidos no informe pericial de Allianz Seguros de data 6.11.2006 e orzamento de reparación de Moto Siniestro S.L. de 13.11.2006.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións o 7.3.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o

que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Das dilixenzas a prevención por accidente de circulación que levantou a Policía Local de Vigo no lugar do accidente, que ésta acude ó lugar e recolle as manifestacións do reclamante, e tal e como se reflicte no pé da fotografía núm. 1 que éstos levantan a motocicleta propiedade do reclamante do chan comprobando a coincidencia da pata do caballete cos buracos existentes no asfalto.
- O asfalto probablemente cedeu por non estar ben curado por canto asfaltouse en data 11 de xaneiro de 2006 con aglomerado en frío pola Unidade do Servizo de vías e obras do Concello segundo informa a mesma.
- A consecuencia do anterior a policía constatou rallazos no parabrisas do vehículo.

Non resultan polo tanto acreditados como consecuencia do accidente de data 16.3.2006 outros danos no vehículo que se reflicten tanto no informe pericial como no orzamento que se presenta, e que se avalían en novembro do mesmo ano, isto é 8 meses despois, e que puideron ter lugar por calquera outra causa, pero que en todo caso non se acredita que o sexa a consecuencia do incidente reseñado.

Cuarto.- Consonte co anterior procede estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, pero soamente no que atañe ós danos causados no parabrisas da motocicleta accidentada, que segundo os orzamentos que se achegan o son por un importe de 107,03 euros por resultar acreditada a relación causa-efecto entre os danos probados polo evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D.César A. Outerelo González, no nome e representación de don Eduardo Fernández Crispín polos danos causados na súa motocicleta matrícula 8859-DLK cando se atopaba estacionada o día 16 de marzo de 2006 no Camiño Pereiriña, ó resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre os danos probados e o funcionamento dun servizo público deste Concello, e indemnizarlo na contía de 107,03 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(190).- RECLAMACIÓN DE D. PABLO OSORIO DIÉGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1503/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D. Pablo Osorio Diéguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de marzo de 2007, no que expón que ese mesmo día, mentres circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula 7076-DML, pola rúa Brasil, á altura do número 52, sufriu unha caída debido mal estado do pavimento (sen asfaltar, con cascallo, desnivelado e sen sinalización), producíndose danos materiais á motocicleta.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 27/03/2007, sobre o estado da calzada no lugar referido na reclamación.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 27/04/2007, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Moto Pasión, presentado polo reclamante, por un valor de 1.006,47 euros son correctos.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 11/05/2007, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 24/05/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Osorio, que acredita cunha factura de reparación nun taller mecánico os danos sufridos na súa motocicleta. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a

LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, dado que manifesta ter caído da motocicleta por mor do mal estado calzada, circunstancia corroborada polo Servizo de Vías e Obras municipal.

Cuarto.- No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliabile economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente. No entanto, o Sr. Osorio ó sufrir o presunto accidente non chamou á Policía local para que a autoridade pública tivera coñecemento dos feitos, nin tampouco durante a instrución do procedemento presentou testemuña presencial do accidente que podiera dar fe da súa realidade e da causa do mesmo. Como proba dos feitos o Sr. Osorio límitase a presentar unhas fotografías, tanto da calzada onde presuntamente ocorreu o accidente como da súa motocicleta danada, e a factura da reparación da mesma nun taller mecánico, elementos que so proban que o seu vehículo sufriu determinados danos, pero que non permiten vincular ós mesmos ó funcionamento anormal do servizo de mantemento viario municipal. A vista destes datos, a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que motocicleta do Sr. Osorio sufriu danos, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Pablo Osorio Diéguez en data 16 de marzo de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(191).- RECLAMACIÓN DE D. CESAR A. OUTERELO GONZÁLEZ (ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, D. JAVIER CASTRO ABALDE) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1433/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 6.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Cesar A. Outerelo González presenta reclamación de responsabilidade no nome e representación de don Javier Castro Abalde e da entidade aseguradora Allianz, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral do Concello o 6 de febreiro de 2007, no que expón que o día 3 de agosto de 2006, o Sr. Castro circulaba coa motocicleta da súa propiedade, matrícula PO-4666-AU, asegurada por Allianz, pola rúa Ramiro Pascual, e esvarou por mor da presenza de aceite na calzada, causandose danos ó vehículo e danos físicos ó condutor.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, de data 3.8.2006, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Castro relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia de danos materiais no vehículo e de lesións no reclamante, así como unha mancha esvaradía de procedenza descoñecida sobre a estrada, e que posteriormente e a súa instancia personouse no lugar unha dotación do Servizo da limpeza que rocedeu á limpeza da mancha de aceite.
- Informe do Servizo de Limpeza, con data 16.2.2007, no que indican que procederon a limpar unha mancha de gasoleo unha vez recibido aviso da policía local, así como indican descoñeceren a súa procedenza e non ter constanza de canto tempo levaba a mancha no lugar.
- Informe do Servizo de Parque Móbil, de 11.4.2007, manifestando que os prezos contidos na factura do informe pericial de Allianz Seguros, presentada polos reclamantes, por un valor de 656,49 euros IVE engadido son correctos.
- Ditame de valoración de danos corporais pola Asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 596,64 euros.
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que fai alegacións o 23.8.2007.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta polo tanto preciso, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo e avaliabel economicamente. E así das Dilixencias a prevención por accidente de circulación da Policía Local de Vigo de data 3.8.2006 resulta acreditado que a consecuencia do accidente de circulación padecido por don Javier Castro Abalde a motocicleta con matrícula PO-4666-AU sufriu danos no seu lateral esquerdo que o informe de valoración que se presenta evalúa en 656,49 euros. Tamén que o condutor mencionado sufriu lesións leves que se valoran no ditame médico solicitado ó efecto en 596,64 euros.

Por outra banda, en virtude do contrato de seguro co condutor, Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros a Prima Fija asumiu gastos médicos da asistencia sanitaria prestada polo Sanatorio Santa Cristina por importe de 246,94 euros.

Terceiro.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como

consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Nesta materia, e segundo a doutrina reiterada do Consello consultivo de Galicia, (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha de aceite e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que a mancha se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07.10.1997 e 03.12.2002).

E así o Tribunal supremo na súa sentenza de 11.02.1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame de aceite na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha de aceite que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de viais.

Segundo a doutrina referenciada a única implicación eventual do servizo público local pasará por unha desatención das súas obrigas, traducidas neste caso na limpeza habitual da vía, limpeza posterior e sinalización da sustancia esvaradía e que motivou o accidente.

Nas dilixencias policiais consta que os axentes se presentaron no lugar ás 23:06 h, así como que comprobaron como había na calzada unha mancha dalgunha subsustancia deslizando de procedencia descoñecida que comezaba ó inicio dunha curva e finalizaba á súa saída, atopándose o resto da calzada limpa e seca, dando aviso ó Servizo de limpeza. E no informe do Servizo de limpeza do Concello resulta que a limpeza da mancha realizoouse co persoal da empresa contrata para a limpeza viaria ás 23:20 h, despois de recibir unha chamada da Policía Local a eses efectos, sin que se sepa a procedencia da mancha nin canto tempo levaba ésta no lugar. Constátase polo tanto que a intervención dos servizos municipais foi rápida, unha vez avisados, dispoñendo dos medios materiais e persoais precisos ó efecto, actuando coa dilixencia debida ó efecto.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, acreditado no expediente que os danos o foron a consecuencia da actuación dun terceiro, e que os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial por falta do nexo causal necesario entre o dano e o funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Cesar A. Outerelo González no nome e representación de Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros a prima Fija e de don Javier Castro Abalde, por danos por mor dun accidente ocorrido o día 3 de agosto de 2006 na rúa Ramiro Pascual, ó non acreditarse a necesaria relación de causalidade entre os feitos polos que se reclama e o funcionamento dun servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(192).- RECLAMACIÓN DE D. ELIGIO DACOSTA LIBOREIRO DE

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1434/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 6.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Eligio Dacosta Liboreiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de febreiro de 2007, no que expón que o día 17 de novembro de 2006 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-6134-BN pola estrada de Valladares, e tivo un accidente ó pasar por enriba dun sumidoiro cuxa tapa se levantou, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía Local, de data 17.11.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o reclamante relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo e a tapa do sumidoiro que se atopaba fora do seu lugar e como se levantaba ó intentar colocala no seu sitio.*
- Informes da U.T.E. Aqualia, FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas do Concello, de datas 10.4.2007 e 9.5.2007*
- Informe do Servizo de Parque Móbil, de data 23.5.2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial e factura presentados polo reclamante, por un importe de 626,68 euros IVE engadido son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 22.6.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que fai alegacións en data 6.7.2007..*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que esta garantía en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste

deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, de conformidade co parte de servizo da Policía Local de Vigo que acudiu ó lugar resulta acreditado que o interesado sufriu danos no seu vehículo producidos por unha tapa de sumidoiro que se que saliu do seu lugar, danos avaliados en 626,68 euros IVE engadido, polo que resulta procedente estimar a reclamación presentada.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Eligio Dacosta Liboreiro.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 626,68 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(193).- RECLAMACIÓN DE D. LUIS ÁNGEL AGUILAR CARRASCAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1435/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Luis Ángel Aguilar Carrascal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de febreiro de 2007, no que expón que o día 13 de decembro de 2006, o Sr. Aguilar circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula 3757-DRS, polo túnel de Beiramar e sufriu unha serie de danos materiais ó pasar por enriba dunha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía Local, de data 13.12.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, requiridos ó efecto, o Sr. Giménez relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobán a existencia da focha e de danos no vehículo.*
- Informe do Servizo de vías e obras de data 1.3.2007 e 27.11.2007 sobre o lugar no que ocorreu o accidente e a competencia para o seu mantemento.*
- Informe do Parque Móbil, de 17.4.2007.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante con data 26.4.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía apérciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes

de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Neste senso, non resulta acreditado que os danos no vehículo con matrícula 3757-DRS que o solicitante refire producíronse na fochanca existente no túnel de Beiramar a, por canto nin a Policía local observou o accidente xa que os axentes actuantes soamente recollen as manifestacións do interesado, e non se presenta testemuña ningunha de ditos feitos, isto é de que tiveron lugar os danos polos que se reclama no lugar e a consecuencia dos defectos na calzada. Neste senso como ten dito o Consejo de Estado (entre outros, ditame 968/2002) as simples manifestacións do interesado de cómo ocorriron os feitos non son proba suficiente a estes efectos. Polo tanto, non hai dato obxectivo no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Luis Ángel Aguilar Carrascal, por responsabilidade patrimonial dos danos no seu vehículo con matrícula 3757-DRS acaecidos o día 13 de decembro de 2006 , ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(194).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ LORENZO DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1437/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don José Lorenzo Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de febreiro de 2007 no que expón que o día 21 de setembro de 2006, o vehículo da súa propiedade, con matrícula 0360-DSF, cando circulaba pola rúa Cangas, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándolle danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustánciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 21.9.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos o Sr. Alonso relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo.*
- Informe do Servizo de limpeza do Concello, de data 19.2.2007.*
- Informe do Servizo do Parque Móbil, de data 11.4.2007*
- Evacuáse trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida do lixo en data 22.4.2007, que non fai alegacións.*

- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 28.5.2007, que non fai alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza mayor.*

Segundo.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son suministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, recolectores suministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das actuacións seguidas no expediente, resulta que:

- *No parte do servizo da Policía Local que acudiu á rúa Cangas o día 21.9.2006 a requirimento do condutor do vehículo, consta como o reclamante lles manifesta que os danos que tiña o vehículo foron debidos ó desprazamento dun colector de lixo.*
- *Contrariamente ó que di o reclamante os axentes da policía local informan de que o vehículo se atopaba estacionado no lugar, e non circulando.*
- *Non obstante o anterior, non hai testemuñas presenciais do accidente, e tampouco consta no atestado policial que xunto ó vehículo se atopara un colector de lixo, senón que os policiais actuantes recollen as manifestacións do interesado e constatan uns danos no vehículo.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesado, de que os danos no seu vehículo ocorreron nas circunstancias que el indica, isto é a consecuencia dun colector que o vento desprazou, , por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o atestado policial recolle as súas manifestacións e observa uns danos no vehículo, pero non constata a causa de ditos danos, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Polo exposto , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don José Lorenzo Domínguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos no seu vehículo acaecidos o día

21.9.2006 , ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(195).- RECLAMACIÓN DE D^a. SONIA OTERO PIÑEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1442/243 DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Sonia Otero Piñeiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 12 de febreiro de 2007, no que expón que o día 12 de febreiro de 2007, cando circulaba polo camiño da igrexa de Valladares co vehículo da súa propiedade, con matrícula 8705-CVT, sufriu serie de danos materiais nunha roda tras pasar por unha tapa de sumidoiro mal colocada na calzada.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 19.2.2007, sobre o lugar onde a reclamante indica ter ocorrido o accidente, manifestando que o mantemento dos sumidoiros lle corresponde á concesionaria Aqualia.*
- *Informe do Servizo da Policía Local de data 28.2.2007 no que manifestan non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- *Informe do Servizo de Parque Móbil sobre os prezos contidos na factura achegada polo reclamante.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, que fai alegacións en data 14.6.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de

pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Cuarto.- No expediente solicitouse informe ó Servizo de Vías e Obras sobre o defecto que o reclamante di causante dun accidente no seu vehículo, informe que, emitido o 19.2.2007 indica que o mantemento da tapa de rexistro correspondelle á Aqualia.

O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Quinto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, solicitouse informe á Policía local, por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non achega ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que non teñen constanza ningunha del.

Non obstante, o reclamante non achega proba ningunha de que os danos obxecto de reparación do vehículo o foran a consecuencia das circunstancias que indica. As manifestacións do interesado como única proba, segundo ten dito o Consello Consultivo de Galicia (ditame 461/2006 entre outros) non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións xustifiquen verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. Por todo o que procede desestimar a reclamación efectuada. Polo tanto, non hai ningún dato no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Sonia Otero Piñeiro por danos ó seu vehículo ocorridos o 9 de febreiro de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(196).- RECLAMACIÓN DE D. ALBERTO VIEJO PUGA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1507/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 6.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (LTr).

Antecedentes:

D. Alberto Viejo Puga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da aseguradora Winterthur e de D. Pablo Emilio Torrado González, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de marzo de 2007, no que expón que o día 26 de agosto de 2006, D^a. Dalila Fernández Molares circulaba co vehículo de propiedade do Sr. Torrado, asegurado por Winterthur e con matrícula 0644-DSM, pola Baixada á Salgueira e, á altura do número 125, chocou contra unha pedra existente na calzada, producíndose danos materiais.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 27/08/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Fernández relátalles o accidente que sufrira; igualmente comproban a existencia de danos no vehículo e dunha pedra de grandes dimensións na calzada.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/04/2007, sobre o lugar no que os reclamantes manifestan ter ocorrido o accidente. Informe do servizo de Parque Móbil, de data 27/04/2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Winterthur Seguros, presentado polos reclamante, por un importe de 615,14 euros IVE incluído son correctos.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/05/2007, no que indican que o ancho da calzada é de 3 metros e que a pedra, segundo o parte da Policía Local, se atopaba na marxe dereita da calzada.
- Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións en data 18/06/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciado no patrimonio do Sr. Torrado e da mercantil Winterthur, e que queda acreditado coa presentación dunha factura de reparación dun taller mecánico do vehículo do Sr. Torrado, factura pagada en parte por Winterthur, o que lle outorga deste modo lexitimación activa no presente procedemento.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALG). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do viario. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente suposto parece indubidable o feito da existencia dunha pedra de grandes dimensións na calzada, tal e como se desprende dos informes da Policía Local e do Servizo de Vías e Obras.

No entanto, esta circunstancia non representaba un perigo para a circulación, pois tal e como manifestan os axentes actuantes da Policía Local a pedra se atopaba no marxe dereito da calzada, dato que se aprecia nas fotografías achegadas polos reclamantes. Dado que a calzada ten 3 metros de anchura, segundo informa o Servizo de Vías e obras municipal, non parece preciso invadir o marxe dereito da mesma para circular cun turismo, categoría na que se encadra o vehículo do Sr. Torrado. E se ben o reclamante manifesta que no momento do accidente a pedra se atopaba no medio da calzada, a chegada dos axentes esta estaba situada no marxe dereito e non existe proba desta circunstancia, circunstancia que segundo as regras xerais da carga da proba corresponde probar o reclamante. Neste senso, establece a lei que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Ademais é de ter en conta que o accidente ocorreu de día e con boa visibilidade, polo que a condutora debeu apreciar a existencia do obstáculo e esquivalo, empregando a dilixencia na conducción esixida polo artigo 9.2 LTr, que impón a obriga ós automobilistas de “conducir coa dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo” e o artigo 19.1 do mesmo texto legal lles impón tamén a obriga de “respectar os límites de velocidade establecidos e de ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e, en xeral, cantas circunstancias concorran en cada momento, a fin de adecuar a velocidade do seu vehículo ás mesmas, de maneira que sempre poida detelo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que poida presentarse”. Á vista destes datos a informante conclúe que a

neglixencia da vítima, co seu defectuoso control da condución, interferiu no nexo causal, impedindo poder vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público local.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alberto Viejo Puga en nome e representación da aseguradora Winterthur e de D. Pablo Emilio Torrado González, en data 19 de marzo de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(197).- RECLAMACIÓN DE D^a. RAQUEL GONZÁLEZ FIGUEROA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1414/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Raquel González Filgueira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2007, no que expón que, o día 10 de xaneiro de 2007, mentres baixaba do autobús na rúa Ruiseñor, á altura do seu núm. 10, sufriu unha caída por mor da falta de lousas na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico, e así mesmo danos de carácter material.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Servizo de vías e obras de data 12.2.2007, sobre o estado do lugar onde a solicitante di que ocorreu o accidente.*
- Informe do Servizo da policía local de data 15.2.2007, no que manifestan non teren constanza dos feitos denunciados.*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.695,66 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que fai alegacións en data 22.6.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado*

en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. As lesións valóranse en 1.695,66 euros no ditame médico solicitado ó efecto.

Non obstante, neste suposto, ó ser a reclamante unha traballadora por conta allea, resulta preciso, caso de acreditarse o preciso nexos causal entre o dano e o funcionamento dun servizo público, e de conformidade coas últimas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo na súa sentenza de 30.1.2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante o período de baixa laboral, 12.1.2007 ó 9.2.2008 segundo consta en documentación no expediente, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada.

Terceiro.-No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.01.1974 ou 05.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Cuarto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta que:

- *O día 10 de xaneiro de 2007 a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias do Sergas por lesións que segundo o ditame médico solicitado ó efecto se valoran en 1.695,66 euros..*
- *Non consta acreditada rotura ningunha dun reloxo, un pantalón e duns zapatos como afirma a reclamante.*
- *Do accidente, que segundo o reclamante tivo lugar ó baixar do autobús na rúa Ruiseñor, á altura do núm. 10, non hai testemuñas directas, e a policía local tampouco acudiu ó lugar segundo informa.*
- *De conformidade co informado polo Servizo de vías e obras e fotografías que con este informe se achegan, no lugar onde o reclamante di que caeu hai un desperfecto cunhas medidas de 0,50x0,20 m aproximadamente, e que en condicións normais poden verse a máis de 5 m.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar que indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o informe médico refírese a unha caída segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso os defectos na beirarrúa no lugar que se indica son visibéis e na reclamante non se proba ningún defecto físico que implique unha ponderación inferior, non constituindo polo tanto defectos ocultos, polo que consonte coa doutrina mencionada teríase que desestimar a petición presentada.

Quinto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Raquel González Filgueira por unha caída ocorrida o día 10 de xaneiro de 2007 na rúa Ruiseñor, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(198).- RECLAMACIÓN DE D. ROSA DOMÍNGUEZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1421/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Rosa Domínguez Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 31 de xaneiro de 2007, no que expón que, o día 27 de xaneiro de 2007, mentres camiñaba pola rúa Urzaiz no cruce coa rúa Cristo, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía Local de data 27.1.2007, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos con posterioridade a estes a Sra. Domínguez relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobaban as lesións sufridas pola reclamante e a existencia de desniveis na beirarrúa.*
- Informe do Servizo de vías e obras, de data 27.3.2007, sobre o estado do lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente e tamén do lugar onde a policía local di que ocorreu, e donde o inspector non observa defectos na beirarrúa, indicando que as losetas deterioradas foron repostas a finais do ano 2006.*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.045,90 euros.*
- Evacuábase trámite de audiencia á reclamante en data 12.6.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 27.1.2007, a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de Urxencias médicas do Hospital Povisa, S.A., por contusións múltiples a consecuencia dunha caída na rúa, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1.045,90 euros.*
- Se ben a efectos de proba indícase que foi testemuña a Policía Local, esta no seu informe di que se persoou no lugar con posterioridade ós feitos, despois de ser avisado deles, co que non os observou directamente. No seu parte de servizo sitúa o lugar da caída nun sitio diferente ó do que se refire a reclamante, que o sitúa no cruce da rúa Urzaiz coa rúa Cristo, mentras que a Policía local o fai na confluencia da rúa Urzaiz coa rúa Extremadura, recollendo polo tanto as manifestacións da interesada de cómo tivo lugar a caída.*
- - Da caída non hai ningunha testemuña presencial.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu nas circunstancias que ela indica, isto é a consecuencia das lousas, e non por calquera outra

causa, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e tanto a Policía Local como o informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Rosa Domínguez Pérez por unha caída ocorrida o día 27 de xaneiro de 2007 na rúa Urzaiz por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(199).- RECLAMACIÓN DE D^a. RAMONA VICENTE GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1542/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D^a. Ramona Vicente González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de abril de 2007, no que expón que o día 2 de abril de 2007, mentres camiñaba pola avenida Gregorio Espino, á altura do número 14, sufriu unha caída tras tropezar contra unha táboa existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 02/04/2007, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Vicente relátalles o accidente que sufrira; igualmente comprobaban a existencia dunha táboa que cubría un rexistro da rede semafórica.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/05/2007.
- Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 29/05/2007, no que indican que a empresa concesionaria da rede semafórica non realizara ningunha obra na zona, así como a posibilidade que

a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras podería ter feito algunha intervención no lugar.

- Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, de data 19/06/2007, no que indican que a empresa Hidroestructuras S.L. realizara traballos de reparación de beirarrúas, tendo sido as ditas obras contratadas pola Deputación Provincial.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 05/07/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciado no patrimonio da Sra. Vicente, que queda acreditado coa presentación de diversos informes médicos.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Segundo informa a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, en data 19/06/2007, as obras orixe do presunto accidente teñan sido realizadas pola empresa Hidroestructuras S.L. que na data do accidente estaba levando a cabo traballos de reparación de beirarrúas contratadas pola Deputación Provincial. Ó ser as obras orixe do accidente realizadas por un terceiro contratado por outra Administración, o Excmo. Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no presente procedemento e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal, polo que fallan un dos presupostos esenciais para que entre en xogo o mecanismo da responsabilidade patrimonial. Neste senso, segundo reiterada xurisprudencia “entre la actuación administrativa y el daño tiene que haber una relación de causalidad, una conexión de causa y efecto, ya que la Administración sólo responde de los daños verdaderamente causados por su propia actividad o por sus propios servicios, no de los daños imputables a conductas o hechos ajenas a la organización o a la actividad administrativa, pues la responsabilidad de la Administración no puede ser tan amplia que alcance a los daños derivados de actos puramente personales de otros sujetos de derecho que no guardan relación alguna con el servicio” (STS da Sala do Contencioso-administrativo de 24 de abril de 2003).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Ramona Vicente González, en data 4 de abril de 2007, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó ser realizadas as obras por un terceiro alleo a este Concello e para outra Administración, a Deputación

Provincial de Pontevedra. polo que non existe relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal.

2º.- *Dar traslado da presente reclamación a Deputación Provincial de Pontevedra ós efectos da súa tramitación se resultase procedente”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(200).- RECLAMACIÓN DE D. PABLO JOSÉ GONZÁLEZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1424/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Pablo José González Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 31 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 17 de outubro de 2006, mentres circulaba co vehículo da súa propiedade, matrícula 1925-BWT, pola rúa Pizarro, á altura do cruce coa rúa Bolivia sufriu danos materiais ó pasar por enriba dunha focha existente nunha das tapas de sumidoiro do lugar.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Servizo de vías e obras, de data 6.2.2007, no que indican teren constanza da existencia no lugar dun dado en mal estado, cuxa titularidade é da empresa Jazztel, a quen requeriúselles para a súa reparación.*
- Informe do Servizo de parque móbil, de data 17.4.2007, manifestando que os prezos contidos na factura núm. 00004235 de Moto Élite, que presenta o reclamante por importe de 810 euros, IVE engadido, son correctos.*
- Evacúase tramite de audiencia á empresa Jazztel, que fai alegacións en data 19.7.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 22.8.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordeamento xurídico encomenda á administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Ademaís, e doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración de responsabilidade da administración, maila o seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro a determinanate do dano producido (STS 29.3.2007).

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así resulta que solicitado informe ó Servizo de vías e obras do Concello, éste informa o 6 de febreiro de 2007 na Inspección do departamento hai constanza de que o dado onde o reclamante di que ocorreu o accidente estaba deteriorado, e por iso requiriúselle a Jazztel, titular da arqueta, para que procedese á súa reparación.

Pola súa banda Jazz Telecom, S.A.U. (Jazztel) en escrito de entrada o 19 de xullo de 2007 manifesta a súa conformidade coa reclamación efectuada, facéndose cargo do sinistro.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, sendo responsabel del un terceiro alleo á Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Pablo José González Fernández por danos no seu vehículo con matrícula 1925-BWT, acaecidos o 17 de outubro de 2006 na rúa Pizarro, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(201).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA GARCÍA PAZ PEREIRA (PELAYO MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS E D^a. MARÍA OLIVA ESTÉVEZ DEAÑO) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1425/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona María García Paz Pereira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, no nome e representación de Pelayo Mutua de Seguros ey Reaseguros a Prima Fija e dona Maria Oliva Estévez Deaño

mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 31 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 24 de outubro de 2006 don Alexandre Fernández Estévez circulaba pola estrada de Valladares á altura do núm. 3 co vehículo propiedade de dona María Oliva, con matrícula 8209-BWD, e asegurado por Pelayo Seguros, debidamente autorizado, e tivo un accidente ó pasar por enriba dun sumidoiro cuxa tapa se levantou, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da Policía Local, de data 24.10.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, don Alexandre Fernández Estévez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo e indican a existencia de dúas testemuñas do ocorrido.
- Informe da U.T.E. Aqualia, FCC, concesionaria do Servizo de saneamento e abastecemento de augas de data 24.4.2007.
- Práctica de proba testemuñal en data 14.6.2007 ás testemuñas propostas polos reclamantes, que confirman os extremos por eles alegados.
- Informe do Servizo de parque móbil, de data 19.6.2007, manifestando que os prezos contidos na factura núm. T2053/2006 de Autoviasa presentada, por un importe de 958,80 euros IVE engadido son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 17.7.2007.
- Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, facendo alegacións o 21.8.2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l I e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que esta garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No expediente, dse conformidade co parte de servizo da Policía Local de Vigo que acudiu ó lugar e testemuñas

do accidente resulta acreditado que o interesado sufriu danos no seu vehículo producidos por unha tapa dun sumidoiro que se atopaba fora do seu lugar, danos que foron reparados por un importe de 958,80 euros, dos que 758,80 foron aboados pola aseguradora Pelayo, e 200 euros por dona Maria Oliva Estevez Deaño en virtude da franquía establecida no seu contrato de seguro, polo que resulta procedente estimar a reclamación presentada.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona María García Paz Pereira no nome e representación de Pelayo Mutua de Seguros y Reaseguros a Prima Fija e de dona Maria Oliva Estévez Deaño por danos no vehículo matrícula 8209-BWD acaecidos o día 24 de outubro de 2006 na estrada de Valladares de Vigo.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á Pelayo Mutua de seguros y Reaseguros a Prima Fija na cantidade de 758,80 euros e a dona Maria Oliva Estévez Deaño na contía de 200 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(202).- RECLAMACIÓN DE Dª. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ CAMARERO

DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1505/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

Dª. María del Carmen Rodríguez Camarero presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de marzo de 2007, no que expón que o día 15 de decembro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Panamá, á altura do número 11, sufriu unha caída tras pisar unhas lousas soltas que parecían estar en bo estado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29/03/2007, sobre o estado do lugar referido na reclamación.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 16/04/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 05/06/2007, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- *Ditame para a valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 16/07/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Rodríguez, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa e cunha factura dunha clínica dental a súa avaliación económica. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, aínda que perfectamente visible, a xuízo das testemuñas presenciais da caída entraña un risco especial para os viandantes, pois se ben se aprecia a existencia de lousas rotas, algunhas delas non están fixadas ó solo e se levantan ó ser pisadas, circunstancia que non é posible prever inda empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulación polos viandantes. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Rodríguez e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Rodríguez, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante achega ó expediente unha factura dunha clínica dental, por un importe de 1.330 €, que o Dr. Guillén, da asesoría médica do concello, estima correcta, resultando procedente o seu aboamento.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D^a. María del Carmen Rodríguez Camarero, en data 19 de marzo de 2007, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 1.330 € en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(203).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ISABEL ROTEVA VILLANUEVA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1400/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Isabel Rotea Villanueva presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 17 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 28 de decembro de 2006, mentres camiñaba pola vía da Hispanidade sufriu unha caída no paso peonil existente debido ó mal estado do pavimento, producíndose danos de carácter físico.

- A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 12.2.2007, sobre o estado do lugar do accidente, indicando que a focha se atopa nunha reposición do aglomerado efectuada pola concesionaria Aqualia na calzada, que se ve a 5 metros e que hai un paso peonil a dous metros do lugar.*
- Parte do servizo da Policía Local, de data 15.2.2007 no que manifestan non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 16.3.2007..*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 2.045,45 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 17.8.2007.*
- Evacuase trámite de audiencia á concesionaria U.T.E Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 19.9.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Terceiro.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o abastecemento de auga e saneamento públicos, por canto o informe do Servizo de vías e obras que hai no expediente indica que a fochanca onde caeu a reclamante se atopa nunha reposición do aglomerado, efectuada en datas recentes á visita de inspección, pola U.T.E. Aqualia-FCC, S.A., empresa concesionaria de dito servizo, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.l e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal

de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel. O artigo 123 da mesma lei di que: “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Respecto ós danos corporais polos que se reclama, éstes se avalían no dítame médico solicitado ó efecto, e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 mencionada, serve de motivación a esta resolución, por canto á vista da lesión que presenta e tras a valoración ó mes do accidente polo Dr. Martínez-Sayanes, considera valorar 60 días de curación, dos que 10 serían impeditivos, en 2.045,45 euros. Por estas lesións a reclamante que é autónoma estivo de baixa laboral dende o 28.12.2006 ata o 22.1.2006, polo que, caso de acreditarse o preciso nexos causal entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal, e que dona Mª Isabel Rotea Villanueva a consecuencia do accidente percibira prestacións por incapacidade, de acordo coas últimas sentenzas do Xulgado contencioso-administrativo núm 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007 de 7 de maio), que aplica o criterio sinalado polo Tribunal Supremo na súa sentenza de data 30.1.2006, sería preciso ter en conta as cantidades percibidas nese concepto, co obxecto de minorar a indemnización a que tería dereito, posto que en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto.

Quinto.-No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de estado (entre outros, no dítame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Ademais, e de conformidade coa máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 27/10/1998), a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexos de causalidade ten que se reservar para

aqueles que comporten forza maior, ós que importa engadir a intencionalidade da vítima na produción ou o padecemento do dano, ou a gravísima negligencia dela, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.

No presente caso, tanto do informe do Servizo de vías e obras, que indica que a focha, que era visibel a 5 metros, se atopaba nun lugar na calzada, e polo tanto non na beirarrúa, existindo un paso peonil a 2 metros do lugar, como das fotografías que se acehegan con dito informe e as propias que achega a interesada, advírtese que o accidente tivo lugar nun lugar non apto para a circulación dos peóns na calzada, e que a reclamante dispoñía a eses efectos dun paso peonil próximo.

O artigo 49 do Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, establece que os peóns estarán obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando ésta non exista ou sexa impracticabel, en cuxo caso poderán facelo polo arcén, ou no seu defecto pola calzada, de acordo coas normas que regulamentariamente se determinen. A Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo no seu artigo 10 regula tamén a circulación dos viandantes, e establece que éstos deberán de cruzar polos pasos peonís, e se non os houbera polos extremos das mazás, perpendicularmente ás mesmas coa debida precaución.

Consonte co anterior, e sen perxuizo de que a focha era visibel a distancia, apreciada a grave negligencia da solicitante ó cruzar por un lugar non habilitado para elo nin para o tránsito de peóns, dispoñendo dun paso peonil o carón do anterior a eses efectos, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e non indemnizábel.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Maria Isabel Rotéa Villanueva por unha caída ocorrida o día 28 de decembro de 2006 na vía Hispanidad, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(204).- RECLAMACIÓN DE D. GRACIANO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1404/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Graciano Fernández Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 12 de xaneiro de 2007, na rúa príncipe, á altura do seu núm. 34, sufriu unha caída ó tropezar cunha baldosa que se atopaba rota e levantada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Servizo de vías e obras, de data 30.1.2007, sobre o estado do lugar no que o solicitante indica ter ocorrido o accidente.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 22.2.2007, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Práctica de proba testifical, con data 12.4.2007, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Fernández.*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en*

1.913,16 euros.

- Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante en data 19.6.2007, quen non fai alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente, que o ditame médico solicitado o efecto valora en 1.913,16 euros.

A reparación dos danos producidos cando se estima que hai nexo causal entre a lesión acaecida e o funcionamento dun servizo da Administración ten que ser “integral”, o que significa deixar indemne á vítima, compensarlle economicamente para restaurar a integridade do seu patrimonio, patrimonio que ten que resultar segundo a doutrina inalterado, procedendo unha indemnización que equivalla ó dano padecido. Ademais, e segundo as sentenzas do Tribunal Supremo de 12/07/1955 e 21/11/1955, a indemnización ten que corresponderse á perda que ó particular se lle cause, pero sen que poida converterse nun motivo de lucro. Consecuentemente, de resultar acreditado no expediente o preciso nexo causal entre a lesión padecida e o funcionamento dun servizo público municipal, dado que o reclamante xa foi indemnizado pola lesión padecida na cantidade de 192,00 euros é polo que correspondería detraer da cantidade na que se valora a lesión física padecida a cantidade percibida.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros ditames núm. 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Cuarto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á

Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditado que:

- *Cando aconteceron os feitos, segundo a testemuña, era de día e había boa visibilidade.*
- *De conformidade co informe do Servizo de vías e obras solicitado, os defectos na beirarrúa que ocupaban 0,50x0,20 m, eran visíbeis a 5 m, o que se corrobora na proba testifical practicada, por canto á pregunta de a qué distancia podía verse a tesmuña contesta que non sabe a que distancia pode verse pero de feito era un bache grande.*

No presente expediente, polo tanto, constátase o deficiente estado da beirarrúa, circunstancia que, non obstante, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que era perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito.

Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello consultivo de Galicia (entre outros, ditame 380/2006), tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que o interesado padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano. Seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Quinto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Graciano Fernández Fernández por danos ocorridos o día 12 de xaneiro de 2007 na rúa Príncipe de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(205).- RECLAMACIÓN DE D. BERNARDO CORREA LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1408/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Bernardo Correa Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 22 de xaneiro de 2007, no que expón que no mes e medio precedente, circulando pola zona de Castro Castrelos, co vehículo da súa propiedade con matrícula PO-1680-BM, sufriu dúas picadas no neumático deste, a consecuencia das fochancas da calzada, o que denunciou no Servizo 010.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes

trámites:

- Informe do Servizo de vías e obras de data 6.2.2007, sobre o estado do lugar no que o reclamante di que ocorreron as picadas.
- Informe do Servizo da policía local, de data 12.2.2007, manifestando non teren constanza dos feitos denunciados.
- Informe do Servizo do parque móbil, de 15.2.200, comunicando que se ben o vehículo non foi presentado nas súas instalacións polo que non poden verificar os danos que puideron producirse, os prezos contidos na factura de Rodasco S.A. por un importe de 88 euros IVE engadido, son correctos.
- Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante con data 23.2.2007, que non fai alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que dita lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere, e en consecuencia o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordeamento encomenda á administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe de esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Neste senso a efectos de proba dos danos no seu vehículo o reclamante achega unha factura de reparación de data 16 de xaneiro de 2007 que proba que o vehículo sufriu uns danos pero non donde nin a consecuencia de que, así como unha queixa sobre os servizos municipais da mesma data na que consta que se queixa de que no cruce de Sárdoma con Castrelos-Costa hai unha fochanca profunda na metade da calzada dende hai vaious meses , solicitando que se arregle. Solicitado informe sobre os feitos polos que se reclama ós servizos correspondentes, tampouco tiñan constanza deles, polo que como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame núm. 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. Polo tanto, non hai ningún dato no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Bernardo Correa Lago , por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente polo que se reclama e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(206).- RECLAMACIÓN DE D^a. ELISA ISABEL CRESPO MONTENEGRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1409/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.02.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Elisa Isabel Crespo Montenegro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 24 de xaneiro de 2007, no que expón que, o día 16 de xaneiro de 2007, mentres camiñaba pola rúa Regueiro, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e reclamando ademais gastos de taxi e de asistencia no fogar.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía Local de data 16.1.2007, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos con posterioridade a éstes a Sra. Crespo relátalles o accidente que tivera, sendo posteriormente trasladada ó Hospital xeral; igualmente, comprobán a ausencia de lousas en varias partes da beirarrúa.*
- Informes do Servizo de vías e obras, de data 15.2.2007, sobre o estado do lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente, e que está reparado no momento da inspección.*
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 596,53 euros.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que fai alegacións en data 19.6.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en

consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 16.1.2007, a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo do Sergas por lesións que o ditame médico solicitado ó efecto, e que consonte co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, serve de motivación a esta resolución, valora en 596,53 euros, toda vez que estima á vista da documentación médica achegada unha lesión metatarsofalánxica do pé dereito por canto o doutor Lojo traumatólogo do Sergas descarta fractura o día 23.1.2007, estimando 7 días de baixa impeditiva e 9 non impeditiva, sen que resulten acreditadas secuelas das lesións.
- Se ben a efectos de proba indícase que foi testemuña a Policía Local, esta no seu informe di que se persoou no lugar con posterioridade ós feitos, despois de ser avisado deles, co que non os observou directamente. No seu parte de servizo de data 16.1.2007, data na que acudiu ó lugar, recolle polo tanto as manifestacións da reclamante observando que había no varios ocos por falta de lousas.
- Non consta acreditado gasto ningún de taxis a consecuencia da caída nin tampouco que precisara e tivera asistencia no fogar a consecuencia del.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu nas circunstancias que ela indica, isto é a consecuencia das lousas, e non por calquera outra causa, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha

mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Elisa Isabel Crespo Montenegro por unha caída ocorrida o día 16 de xaneiro de 2007 narúa Regueiro, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(207).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. EMILIA CONSUELO MÉNDEZ CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.816/243. ESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dona Emilia Couselo González Mendez presenta en data 5.7.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos debidos a unha caída na rúa Gran Vía á altura do núm. 5, e que lle foi notificada o 8.6.2007.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que, tal e como acredita mediante parte de asistencia médica no ambulatorio da rúa Cuba de Vigo, recibiu dita asistencia sendo a persistencia no dor o que motivou a asistencia posterior no Servizo de Urxenzas do Hospital do Meixoeiro, resultando polo tanto acreditada a relación de causalidade entre os danos sufridos e a caída a causa do mal estado das losa da beirarrúa.

Da documentación achegada así como o exáme conxunto do resto da documentación obrante no expediente resulta acreditado que a reclamante caeu sobre as 10:30 horas da mañá na rúa Gran Vía ó tropezar nunha baldosa que se aoatopaba solta, que non era fácil de ver segundo informou o Servizo de vías e obras, sendo atendida en primeiro lugar no Centro de saúde da rúa Cuba dun traumatismo na man esquerda que horas despois precisou de asistencia hospitalaria, diagnosticándose una fractura dbase do 1º metacarpiano. Respecto á valoración da lesión solicitouse dictáme médico ó efecto no que se avalía ésta en 2.798,46 euros. Non procede, non obstante apreciar secuela ningunha da lesión por canto non hai informe médico que concrete con precisión unha lesión de carácter permanente ou crónico, e tampouco correccion de ingresos por idade laboral por canto tampouco se acredita que a reclamante traballe.

Procede, polo tanto, acreditada a relación causa efecto entre os danos padecidos pola caída e o funcionamento dun servizo público municipal estimar o recurso de reposición interposto e indemnizar á reclamante na contía

de 2.798,46 euros.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Estimar o recurso de reposición interposto por dona Emilia Consuelo González Méndez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2007, ó resultar acreditada a relación causa efecto entre a súa caída na rúa pública o 13 de outubro de 2005 e o funcionamento dun servizo público municipal e indemnizala na contía de 2.798,46 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(208).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 4150/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 2.01.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2006 aprobou a adxudicación do concurso para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.” por un importe anual de 73.008 euros, con cargo á partida 4531.227.06.01. O prazo do contrato é de dous anos, contado a partir do día seguinte ó da sinatura do mesmo, que tivo lugar o 15 de novembro de 2006, e a data de apertura de ofertas pola Mesa de Contratación foi o 2 de outubro de 2006.

O punto terceiro do prego de cláusulas administrativas particulares recolle a revisión de prezos do xeito seguinte:

“Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 9.1 da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no apartado 9.2 da FEC. A súa aplicación aterase ó previsto nos artigos 103 e 104 do TRLCAP.

O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.”

Así, o artigo 9.1 da FEC sinala que sí procede a revisión de prezos, e o 9.2 determina o seguinte:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a data da revisión inmediatamente anterior.”

Deste xeito, o período de cálculo do IPC é outubro 2006 – novembro 2007, e segundo os datos do INE que se adxuntan, ó aumento é de un 4,3%.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local:

Autorizar disposición de crédito por importe de 3.139,34 euros na partida 4531.227.06.01, en execución do punto

terceiro do prego de cláusulas administrativas para a contratación por concurso dos servizos de xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 16 de outubro de 2006 á empresa “Van Divulgación Cultural, S.L.”, con cargo a que se pagarán os incrementos derivados da revisión de prezos no período outubro 2006 – novembro 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(209).- DISTRIBUCIÓN DO FONDO SOCIAL PARA O ANO 2008. EXPTE. 17944/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención xeral, de data 5.02.08, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.01.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Secretaria do Fondo Social, con data 12 de decembro de 2007, remite acordo da Comisión do Fondo de Acción Social, onde se recolle a distribución do presuposto e bases de dito Fondo Social para o presente ano 2008, que ascende á contía de 300.506 €, importe consignado nos orzamentos do concello para o dito ano:

1.- Axudas socio-sanitarias: 140.000 €

Destinadas a cubrir gastos de próteses, gafas, e todo tipo de necesidades médicas que non cubre a Seguridade Social, da unidade familiar.

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Fotocopia compulsada da factura ou orixinais, (non se aceptan recibos), que abranguen dende o 1 de xuño do 2007 ata o 31 de maio de 2008.*
- *Páxina 1 da declaración da renda.*
- *Parellas de feito, documentación acreditativa.*

Prazo presentación solicitudes: Ata o 31 de maio 2008.

2.- Axudas estudos: 100.506 €

Destinadas a cubri-los gastos de garderías e estudos oficiais, tanto dos fillos/as solteiros/as como do propio traballador/a.

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Matrícula do centro (a partir 15 anos cumpridos).*
- *Páxina 1 da declaración da renda.*
- *Parellas de feito, documentación acreditativa.*
- *Matrícula gardería.*

Prazo presentación solicitudes: Ata o 15 de xaneiro de 2009.

3.- Axudas extraordinarias: 60.000 €

*Destinadas a afrontar sucesos graves e extraordinarios –
debidamente xustificadas.*

Prazo presentación solicitudes: Durante todo o ano.

CONDICIÓN XERAIS:

Destinatarios: Persoal do Concello de Vigo.

Solicitudes: Recóllense e entréganse, xunto coa documentación, nos locais do Comité (5º andar).

As facturas das gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura se concederá unha axuda máxima de 100 €) e achegarase tamén valoración optometrista.

As facturas do dentista deberán ser detalladas.

A Comisión, unha vez contabilizadas e valoradas o número de solicitudes presentadas, determinará a contía a outorgar por grupos (A,B,C,D,E).

A Comisión poderá solicitar documentación complementaria cando o estime necesario.

Unha vez exposto o listado de axudas concedidas, hai un prazo de 30 días para reclamacións.

Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a, por estar cuberta pola Mutua.

Quedan excluídos os tratamentos médicos que non esten recoñecidos, nin recetados pola Seguridade Social ou Sergas.

FINAL: Todo traballador/a que falsifique ou modifique a documentación orixinal non recibirá novas axudas do Fondo e polo período que estableza a Comisión.

O Regulamento do Fondo Social no seu art. 5 establece entre as funcións da comisión xestora, a de propoñer ó órgano municipal competente en cada caso os programas e actuacións dirixidas a mellora-lo benestar do persoal municipal.

Examinada a proposta da comisión xestora, compróbase que efectivamente as axudas que se propoñen poden incluírse dentro da mellora do benestar social dos traballadores, sendo o tope de axuda segundo o número de solicitudes e o grupo ó que pertenza o traballador.

Por isto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización do acordo pola Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Aproba-la distribución do Fondo Social para o ano 2008, polo importe establecido nos orzamentos municipais para o dito ano; 140.000 € para axudas socio-sanitarias; 100.506 € para axudas por estudos e 60.000 € para axudas extraordinarias, destinadas a afrontar sucesos graves ou extraordinarios debidamente xustificadas.

Segundo.- De conformidade co previsto no art. 5 do Regulamento do Fondo Social, a comisión xestora deberá elaborar unha memoria anual sobre a execución do programa do ano pasado, que remitirá ó Presidente da Corporación e deberá darlle a debida publicidade entre o persoal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(210).- RENUNCIA DE ENCOMENDA DE FUNCIONES REALIZADA POR ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL O 30.03.04 A FAVOR DE D. JESÚS NÚÑEZ-LÓPEZ TORRÓN. EXPTE. 18047/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 11.01.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30 de marzo de 2004, adoptou acordo encomendando ó xefe do servizo do Laboratorio Municipal (D. Jesús Núñez-Torrón López) das funcións de supervisión técnica e procedimental nos expedientes administrativos a tramitar polos servizos municipais de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, OMIC e do propio Laboratorio Municipal.

O interesado, con data 7 de xaneiro ppdo., remite escrito (doc. núm. 80002166) aos concelleiros de persoal e medio ambiente, renunciando ao desempeño das funcións encomendadas, circunscibíndose unicamente ás funcións propias do posto de xefe de servizo do Laboratorio Municipal.

Considerando que en data 8 de febreiro actual o concelleiro-delegado da área de xestión municipal ordena a realización dos trámites oportunos para a aceptación da renuncia presentada, procede que pola Xunta de Goberno Local, consonte ao disposto no art. 127.1.h) da Lei 7/85, se adopte o seguinte acordo:

“Aceptar a renuncia á encomenda de funcións realizada en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo do 2004 formulada por D. Jesús Núñez-López Torrón (núm. persoal 22763) para a realización das funcións de supervisión técnica e procedimental nos expedientes administrativos a tramitar polos servizos municipais de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, OMIC e do propio Laboratorio Municipal, pasando a desempeñar unicamente as funcións propias do posto de xefe do servizo do Laboratorio Municipal, todo iso con efectos económicos e administrativos da data do presente acordo.”

A presente resolución, notifíquese ao interesado, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, concelleira-delegada e Comité de Persoal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(211).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DEIXAR SEN EFECTO A REDUCCIÓN DE XORNADA DE D. JOSÉ A. VILLAR COMESAÑA.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 5.02.08, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada en Rexistro Xeral 5 de febreiro de 2008, (doc. núm. 80014962) D. José A. Villar Comesaña, nº persoal 21380, Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, indica se lle deixe sen efecto a redución da garda de 24 horas en 6 horas, solicitada con data 8 de xaneiro ppdo., e concedida con efectos a partir do 22 do citado mes, por ter resoltos os motivos alegados para a súa petición.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Deixar sen efecto a partir do 5 de febreiro actual, a redución de garda de 24 horas de D. José A. Villar Comesaña, nº persoal 21380, Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, en 6 horas e, en consecuencia, a redución de retribucións, que comezou a disfrutar o interesado a partir do día 22 do citado mes.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, coa mesma data, resolve de conformidade co

precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

41(212).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, XANEIRO-2008.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do técnico de Organización e Métodos, do 5.02.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do S.E.I.S. quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quendas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.

Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :

| | |
|-------------------------------------------|-----------------|
| <i>Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....</i> | <i>262,30 €</i> |
| <i>Cabo.....</i> | <i>277,76 €</i> |
| <i>Sarxento Xefe de Turno.....</i> | <i>317,05 €</i> |
| <i>Sarxento Xefe de Parque.....</i> | <i>342,24 €</i> |
| <i>Suboficial / Oficial.....</i> | <i>348,32 €</i> |

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2007, o incremento do 2% do IPC correspondente ao citado exercicio, previsto na Lei de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio de 2008.

Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :

Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.

Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.

Con data 5 de febreiro de 2008, remítese a esta Unidade relación de persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento aos que procede aboar a gratificación mencionada correspondiente ao mes de xaneiro de 2008, asinada polo Xefe do Servizo e conformado polo Concelleiro da Área.

Por isto, propónse a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o pasado mes do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, se aboaran aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de XANEIRO-2008, por un total de 32.733,94 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.”

O Excmo. Alcalde, coa mesma data, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

42(213).- CAMPAÑA ORDINARIA DE DESRATIZACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2008. EXPTE. 18035/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 11.02.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Métodos, do 30.01.08, conformado polo xefe da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A iniciativa do Sr. Director do Laboratorio Municipal coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2008 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración de dous oficiais conductores adscritos ó Parque Móbil municipal.

Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora da xornada habitual de traballo, o que ven xustificado non só por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións contínuas, tanto pola noite como nos días festivos, senón tamén pola insuficiente dotación de persoal, que non permitiría a posibilidade de gratificar ditos servizos con descansos compensatorios, sendo por outra banda imposible compatibilizar este traballo extraordinario coas tarefas habituais que demanda constantemente o servizo durante a súa xornada normal.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro fronte a unha contratación administrativa externa.

Cumpre salientar que idéntica campaña realizouse entre os meses de maio á agosto do pasado ano cuns resultados altamente satisfactorios.

Segundo o informe do Sr. Director do Laboratorio Municipal o importe total da produtividade proposta ascende a 8.290,95 €, cantidade que resulta da actualización co IPC corresponde o pasado ano, do importe aprobado para a campaña do ano 2007.

As ímesmo, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 28 de febreiro do ano 2005, pendentes da súa aprobación para o presente exercicio, en concreto a Instrución 3ª h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederase a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de produtividade que serva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do

Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).

Por todo o exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a proposta que a continuación se transcribe para que no uso das competencias resolutorias que actualmente ten delegadas pola Alcaldía-Presidencia adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2008, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista dende o 1 de maio ata 31 de xullo do presente ano.

Segundo.- Aproba-lo establecemento dun complemento de produtividade por un importe global de 8.290,95 € a repartir entre o persoal do Servizo de Desinfección e o do Parque Móbil, segundo as horas traballadas por cada un ó remate da campaña.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(214).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE ÓS CONDUCTORES DE SEGURIDADE DO TENENTE DE ALCALDE. EXPTE. 18044/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 11.02.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.01.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

En data 29 de xuño do 2007 o Tenente de Alcalde solicitou que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218 –ámbolos dous membros do Corpo da Policía Local coa categoría de gardas- lle presten apoio persoal no desenvolvemento das súas funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado.

Considerando a petición formulada, así como as especiais necesidades manifestadas polo Tenente de Alcalde, e no uso das competencias que en canto á xefatura do Corpo da Policía Local ostenta a Alcaldía-Presidencia segundo preceptúa o artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto ao réxime xurídico dos municipios de grande poboación, a Alcaldía-Presidencia resolveu, en data 10 de xullo de 2007 dispoñer que os funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218, gardas do Corpo da Policía Local, realicen funcións de asistencia persoal e apoio ao Tenente de Alcalde, Sr. D. Santiago Domínguez Oliveira, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado, con carácter exclusivo e baixo as ordes directas do mesmo, sen prexuízo das competencias reservadas “ex lege” á Alcaldía-Presidencia polo artigo 124.4.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.

Os devanditos funcionarios continuarán adscritos aos seus respectivos postos de traballo, percibindo as retribucións inherentes aos mesmos de conformidade coa lexislación vixente en materia de Función Pública, sen prexuízo daqueles complementos retributivos cuxo outorgamento poida acordar a Xunta de Goberno Local en atención ao especial rendemento, interese ou dedicación no desenvolvemento das funcións encomendadas, consonte ás vixentes Instrucións de Plantilla, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 e publicadas no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.

En data 2 de xaneiro de 2008, o Tenente Alcalde, D Santiago Dominguez Olveira solicita o aboamento dun complemento de produtividade aos funcionarios citados polo importe correspondente ás diferenzas retributivas existentes en canto ás retribucións complementarias (complemento de destino e específico) entre os postos de policía local e oficial conductor da Alcaldía, no período comprendido entre o 16 de xullo e o 31 de decembro de 2007.

Os postos de policía local están retribuídos no ano 2007 cun importe mensual de CD (14) de 307,64 € e un CE (50) de 604,70 €. Os postos de oficial conductor da Alcaldía retribuíronse no ano 2007 cun importe mensual de CD (16) de 352,95 € e un CE (130) de 933,58 €.

Polo tanto, a diferenza entre ámbolos dous postos supón un total mensual de 374,19 € ao mes, do que 45,31 € corresponden á diferenza no complemento de destino e 328,88 € á diferenza no complemento específico.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril. Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto e segundo a Instrución de servizo do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 17 de xaneiro de 2008, e vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, póllo que, no caso de que a Xunta de Goberno así o estime, correspondería aboar, polo período comprendido entre o 16 de xullo e o 31 de decembro de 2007 a cantidade de 2.432,24 € a D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e a mesma cantidade a D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218. É polo que se propón á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte proposta:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos de apoio persoal no desenvolvemento das súas funcións de carácter público, incluída a realización de funcións de acompañamento no vehículo oficial que ten asignado o Tenente Alcalde, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, no período comprendido entre o 16 de xullo e o 31 de decembro de 2007:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142: 2.432,24 €

D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218: 2.432,24 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(215).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE FUNCIONARIOS MUNICIPAIS POR CONDUCCIÓN DUN VEHÍCULO LIXEIRO NON SENDO OFICIAL-CONDUCTOR, 4º TRIMESTRE. EXPTE. 18025/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 11.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.01.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Servizo de Cultura, Desinfección, Electromecánicos e Educación, contidos na relación que se achega no expediente e que comeza por D. Ramón Vázquez Martínez, co nº de persoal 16478, capataz de mantemento do Servizo de Cultura, e remata por D. Gabriel García Alvarez, xefe de equipo do Servizo de Educación co nº de persoal 11593, por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 1189,08 €, correspondentes ó 4º trimestre de 2007 e con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00- Productividade.

45(216).- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “ACOMETIDA DE SANEAMENTO PARA O GRUPO ESCOLAR JOSEFA ALONSO-MATAMÁ. EXPTE. 54607/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 29.01.08, conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e pola concelleira de dita Área, que di o seguinte:

Actualmente a acometida de saneamento con que contan as instalacións do grupo escolar Josefa Alonso en Matamá que desauga pola rede da R. Manuel Cominges está dando moitos problemas por estar as instalacións do grupo escolar a unha cota inferior ó colector da rúa Manuel Cominges .

Para evitar os actuais problemas estímase conveniente que a acometida funcione por gravidade mediante unha cota favorable para o desaugue a través do colector existente na Prza. de S. Mauro

Con ánimo de resolver esta situación a Concellería Delegada solicitóulle a Aqualia - empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento – o estudo da posibilidade de instalar unha nova acometida para dito grupo escolar á rede de saneamento municipal que discurre pola Prza. de S. Mauro .

A concesionaria Aqualia solicitou á “ TECPRO Ingeniería Civil, S.L. “ un estudio técnico para dita conexión, e esta enxeñería redactou ó efecto unha memoria valorada describindo as obras necesarias para dita conexión e presupostando as mesmas nun importe total total de doce mil trecentos trinta e seis euros con trinta e catro céntimos (12.336,34 €) sen IVE

No presuposto vixente deste exercicio 2008 non se contempla partida presupostaria para executar estas obras, pero na conta de ingresos de acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais que xestinona a empresa concesionaria do servizo Aqualia sí existe actualmente crédito suficiente para dar cobertura a esta obra .

Polo anteriormente exposto este servizo de Vías e Obras proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

PROPOSTA:

1º.- Aprobar a Memoria Valorada redactado por TECPRO Ingeniería, S.L. en decembro 2007 para executa-las

obras de instalación dunha nova acometida de saneamento ás instalacións do Grupo Escolar Josefa Alonso en Matamá que permita a evacuación a través do colector da Prza. de S. Mauro, cun presuposto total de 12.336,34 €, sin o IVE .

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras á Aqualia, - empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento- por un importe de 12.336,34 € (sen IVE) e con cargo ó saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais ” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(217).- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO.

Dáse conta do informe-proposta da presidenta do Organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, do 11.02.08, que di os seguinte:

O Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, em sesión celebrada o día 28 de setembro do 2.007, aprobou xunto co Orzamento a plantilla e relación de postos de traballo do Organismo para o exercicio 2.008.

Este acordo foi remitido ao Concello para aprobación dos Orzamentos e a plantilla de persoal, xunto cos demais Organismos Autónomos, polo Pleno da Corporación Municipal, o que se produxo com data 20 de decembro do 2.007.

Nembargantes a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local no seu artigo 127-1h, atribúe a Xunta de Goberno Local a aprobación da relación de postos de traballo.

Por isto se propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da relación de postos de traballo do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo para o ano 2.008, aprobada polo Consello de Administración en sesión de data 28 de setembro do 2.007, e co seguinte contido:

PLANTILLA DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2008 DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO

PERSOAL LABORAL FIXO

| <u>DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO</u> | <u>NÚMERO</u> | <u>TITULACIÓN ESIXIDA</u> |
|------------------------------------------|---------------|-------------------------------------|
| DIRECTOR DE RÉXIMEN INTERIOR | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO A |
| VETERINARIO | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO A |
| CONSERVADOR | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO B |
| ADMINISTRATIVO | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO C |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO D |
| <u>DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO</u> | <u>NÚMERO</u> | <u>TITULACIÓN ESIXIDA</u> |
| RESPONSABLE DE INSTALACIÓNS | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO D |
| OFICIAIS COIDADORES | 15 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO D |
| CONDUCTOR MECÁNICO | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DE GRUPO D |

ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO

| CODIGO | DENOMINACIÓN POSTO | DOT.. | RELACIÓN LABORAL | ASIMILACIÓN FUNCIONARIOS | | | | OBSERVACIONES: |
|--------|------------------------------------------|-------|------------------|--------------------------|------------|-----------|----------|--------------------------------------------------|
| | | | | GRUPO | NIVEL C.D. | C. ESPEC. | COD.RET. | |
| 500.01 | DIRECTOR DE RÉXIMEN INTERIOR | 1 | INDEFINIDA | A | 26* | 007* | 500* | VACANTE CUBERTA INTERINAMENTE. |
| 500.01 | VETERINARIO | 1 | INDEFINIDA | A | 26* | 007* | 500* | |
| 500.03 | CONSERVADOR | 1 | INDEFINIDA | B | 25* | 016* | 502* | |
| 500.04 | ADMINISTRATIVO | 1 | INDEFINIDA | C | 18 | 048* | 506* | |
| 500.06 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | 1 | INDEFINIDA | D | 16 | 048* | 505* | |
| 500.07 | CAPATAZ | 1 | INDEFINIDA | D | 18 | 028* | 507* | |
| 500.x | RESPONSABLE DE INSTALACIONES | 1 | INDEFINIDA | D | 16 | XXX | XXX | UNHA VACANTE |
| 500.04 | OFICIAL COIDADOR, MANTEM, VIX. E CONTROL | 15 | INDEFINIDA | D | 16 | 045* | 503* | DUAS VACANTES (Unha cuberta con contrato relevo) |
| 500.05 | CONDUCTOR MECÁNICO | 1 | INDEFINIDA | D | 16 | 045* | 504* | |

TOTAL CADRO DE PERSOAL 23

TOTAL OCUPADOS 21

TOTAL VACANTES 2

* PENDENTE DE RECALIFICACIÓN POR PARTE DO CONCELLO COMO CONSECUENCIA DA ADECUACIÓN DA VALORACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

47(218).- ABOAMENTO DE CANTIDADE A Dª DOLORES SEOANE DOMÍNGUEZ EN EXECUCIÓN DE MANDAMENTO XUDICIAL PREVIA CONCILIAICÓN EN VÍA JURISDICCIONAL LABORA. EXPTE. 18048/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 14.02.08, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 11.02.08, conformado pola xefa da Área

de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En Sentenza de data 16 de outubro do 2006 recaída no procedemento nº 538/06, o Xulgado do Social nº 4 de Vigo estimou a pretensión exercitada pola recorrente Dª Dolores Seoane Domínguez, con DNI 36.132.801-P, declarando a nulo o despido efectuado en data 03/07/2006, ordenando ao Concello de Vigo a readmisión da actora con idénticas condicións ás que tiña con anterioridade e ao aboamento dos salarios deixados de percibir dende a dita data. Actualmente, a dita sentenza é firme ao ter sido confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza de 9 de febreiro do 2007 (recurso de suplicación nº 6180-2006).

Lémbrese que a actora mantiña unha relación contractual de natureza xurídico-administrativa-suxeita á lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas- co Servizo de Cultura e co Museo Municipal Quiñones de León, unidades administrativas que no seu día tramitaron –a traveso da figura do contrato menor de asistencia técnica- sucesivos contratos que o Xulgado estimou como efectuados en fraude de lei e inequívocamente significadores da existencia de relación laboral de carácter indefinido (non fixo). A sentenza de instancia recoñece que a reclamante viu desempeñando diversas funcións relacionadas co préstamo de obras de arte, xestión de fondos museísticos, e tarefas de carácter administrativo. Asemade, fixa directamente o salario que o Concello debe aboar á mesma na contía de 1.814,75 euros/mes.

O 01/11/2006 a referida reclamante causou alta na nómina do Concello de Vigo, así como en cotizacións empresariais á Seguridade Social (réxime xeral) coa categoría profesional de “coordinador de exposicións”, unha vez recibida no Concello notificación da sentenza de instancia, e sen prexuízo do resultado da suplicación presentada pola defensa xurídica do Concello.

En data 07/09/2007 as representacións legais do Concello de Vigo e a de Dª Dolores Seoane Domínguez acordaron en sede de conciliación prestar conformidade ao pago por parte do Concello de Vigo do importe de 1.550,50 euros, cantidade reclamada en demanda e que se aboaría en nómina, como así consta en acta extendida polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo.

Mediante auto de data 29/01/2008 (recibido na Unidade de Persoal vía fax o 01/02/2008) o Xulgado require ao Concello de Vigo ao cumprimento do acordo conciliatorio nos seus propios termos, emprazándolle para que en 15 días se abone a cantidade por principal que ascende a 1.555,50 euros.

Considerando o disposto nos artigos 235 a 286 do Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, e artigos 517 e seguintes da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á obrigatoriedade de execución de sentenzas e resolucións xudiciais firmes, e previo o preceptivo informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local, en atención á competencia residual en materia de persoal consignada no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar, en execución do requerimento xudicial efectuado en Auto do Xulgado do Social nº 4 de Vigo de data 29/01/2008 (nº de autos 305/2007/execución 11/2007), o aboamento do importe de 1.550,50 euros a Dª Dolores Seoane Domínguez, con DNI 36.132.801-P, nos termos do acordado entre as representacións legais do Concello de Vigo e a da reclamante en sede de conciliación celebrada no referido Xulgado en data 07/09/2007.

SEGUNDO.-Dése conta do presente acordo ao Xulgado do Social nº 4 de Vigo aos efectos de acredita-lo cumprimento do mandato xudicial, así como á Intervención Xeral e interesada aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(219).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O PROGRAMA DE SUBVENCIONS DIRECTAS PARA AS AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 3227/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 15.02.08, o informe do xefe de Recursos e Asesoramento, do 14.02.08 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 13.02.08, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Autorizar o gasto de 18.100,00 Euros .- dzaaoito mil cen euros, con cargo á partida 463.2.480.00.00 do orzamento vixente, para facer fronte ós gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero, facultando á Concelleira delegada de Igualdade para a concesión das concretas axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero.

2º.-Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 18.100,00 euros .- dzaaoito mil cen euros, a nome da funcionaria Cristina Gómez García, con NIF: 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

3º.- Aprobar o marco de actuación do proxecto de subvencións directas de axudas económicas de apoio para ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

XUSTIFICACIÓN:

A maior parte das usuarias da Casa de Acollida son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.

Ó límite de estadía na casa, a falta de cualificación profesional, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida á saída da Casa de Acollida sexan enormemente dificultosas. Esta situación profundiza, magnifica e amplía os obstáculos sociais e persoais necesarios para reconducir a súa vida.

A necesidade dunha axuda económica directa que facilite a súa reincorporación á comunidade faise non só evidente, senón urxente de xeito que moitas casas de acollida xa teñen tomadas medidas neste terreo.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres que despois de permaner temporalmente neste servizo social especializado, saen do mesmo co obxectivo de iniciar unha vida independente, despois de romper có agresor. Para conquistar dita autonomía persoal e económica faixe necesario a concesión dunha axuda económica puntual que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos á saída da Casa de acollida: rendas de aluguer, transporte, consumos, axuar ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No ano 2000 apróbase no pleno da corporación municipal o “1º Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”, neste plan ,que tivo vixencia ata o ano 2003, recollíase a medida 1.5 de “Axuda económica de apoio á saída da Casa de acollida”. No marco do “II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres” , a medida se mantén e refórzase ao modificar as bases de concesión co obxecto de flexibilizar os criterios de concesión respecto da perioricidade da súa entrega, así

como da cantidade asignada.

Dende a posta en marcha da medida foron beneficiarias 69 mulleres. As valoracións realizadas polo equipo técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e Casa de acollida municipal é moi positiva.

Por outra banda, logo da ampla experiencia de traballo do Centro Municipal de Información dos dereitos da muller, servizo social especializado, valórase necesario ampliar a cobertura destas axudas a aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que no momento previo áo ingreso na Casa de acollida necesitan dunha axuda económica urxente. Así dase as veces o caso de que mulleres maltratadas demandan axuda ao Centro de Información desde os seus domicilios vía telefónica e non teñen diñeiro para sufragar o gasto que supón o desprazamento ao devandito servizo; incluso hai ocasións en que unha vez informadas polas profesionais non poden achegarse coas súas pertenzas á Casa de acollida no caso de decidir ingresar nesta institución por falta de cartos.

Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas de carácter individual en relación a asistencia e apoio de emerxencia das mulleres vítimas de violencia de xenero para o ano 2008 coa definición do criterio específico, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica en relación as subvencións dentro das bases de execución do orzamento para o ano 2008 e recollidos na “base 38ª”.

En relación o cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

O procedemento de concesión destas axudas, realízase previa valoración do equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e da Casa de Acollida de mulleres maltratadas, equipos que traballan conxuntamente na recuperación integral da muller dende o seu ingreso na Casa de acollida municipal para mulleres maltratadas.

Por todo isto, cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo coas seguintes bases específicas:

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto a seguinte partida e importe:

| Partida | Importe |
|----------------|--------------|
| 4632.480.00.00 | 18.100,00 €. |

Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

I.- TIPOS DE AXUDA

Establécense 2 tipos de axuda económica para mulleres vítimas de violencia de xénero, segundo sexa a situación da posible beneficiaria: previa ao ingreso na Casa de Acollida ou despois da súa estada no devandito Centro.

A) Axuda económica ás mulleres maltratadas de apoio ao ingreso na Casa de acollida.

1) Fin da axuda

Esta axuda económica destinarase a sufragar os gastos imprevistos e urxentes necesarios para que a muller maltratada acuda ou se desprace ao centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Casa de acollida ou calquera outro servizo valorado polo equipo de profesionais do Centro de Información conxuntamente coa muller beneficiaria, e que teña por obxecto o tratamento da problemática que sofre a muller ou o ingreso na Casa de acollida. Abrangue gastos básicos e urxentes que non poda facer fronte a economía da beneficiaria e que por ser imprevistos e de carácter de urxencia non poden ser cubertos pola rede de servizos sociais de atención primaria.

2) Procedemento e valoración

A proposta de adxudicación desta axuda económica poderá partir de calquera das profesionais que integran o equipo de traballadoras do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM). A traballadora social do CMIDM cubrirá a solicitude segundo o Anexo I na que xustificará o motivo da concesión da axuda e describirá en qué consistiu a axuda concedida. En ausencia da traballadora social e con carácter excepcional calquera outra profesional do CMIDM poderá cursar a devandita solicitude.

3) Requisitos das beneficiarias

Para ter dereito a esta axuda será suficiente con que no Informe emitido pola Traballadora social do CMIDM quede acreditada a carencia de ingresos da beneficiaria e a urxencia da situación que imposibilita a solicitude de axuda perante os servizos sociais de atención primaria.

4) Importe e cobertura das axudas

As axudas concedidas terán a única finalidade de cubrir os gastos imprevistos e urxentes que sexan necesarios para acudir ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou unha vez atendida polo devandito centro cubrir os gastos da derivación a outro servizo: casa de acollida, centro de saúde, policía, etc. A axuda poderá cubrir tamén os gastos básicos da manutención e aloxamento da muller maltratada e das persoas que dependan dela por un período máximo de 48 horas, período no que a muller decidirá se ingresa na Casa de acollida ou no caso contrario procederase a derivar o caso de demanda de axuda aos servizos sociais de atención primaria.

Non se concreta o importe máximo da axuda que pode ser concedida ao considerar esta axuda urxente para cubrir os gastos básicos: desprazamento, manutención, polo tempo máximo de 48 horas.

5) Xustificación das axudas

As axudas concedidas serán xustificadas coa achega da seguinte documentación:

- a) DNI ou outro documento de identidade da beneficiaria*
- b) Declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica.*
- c) Facturas ou comprobantes orixinais do gasto efectuado*

6) Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello.

7.- Avaliación e Seguimento:

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente aberto no CMIDM deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 1)Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida

elaborarase unha memoria anual que reflecta cando menos:

- a) número de beneficiarias
- b) motivos que fundamentan a concesión
- c) importe das axudas
- d) seguimento dos destinos da axuda

B) Axuda económica para mulleres maltratadas de apoio á saída da Casa de acollida

1.- Procedimento e valoración

A proposta de adxudicación da axuda económica de apoio á saída da Casa de Acollida poderá partir de calquera das profesionais que integran o equipo de traballadoras do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) e presentarse en xuntanza ordinaria de coordinación CMIDM e Casa de Acollida onde se valorará a adecuación da proposta e no seu caso a contía da axuda.

Para a adxudicación das axudas extraordinarias a proposta de concesión deberá vir asinada por todo o equipo do CMIDM.

A traballadora social do CMIDM cubrirá a solicitude (Anexo 2) coa proposta da axuda e a remitirá á Concellería de Igualdade para que proceda a súa tramitación. En ausencia da traballadora social e con carácter excepcional calquera outra profesional do CMIDM poderá cursar a devandita solicitude.

2.- Beneficiarias:

Usuarias da Casa Municipal de Acollida para mulleres maltratadas que a súa saída non regresen co agresor.

3.- Fins das axudas

- Todas as mulleres que á saída da Casa de Acollida precisen do alugueiro dunha nova vivenda, sempre que os seus ingresos mensuais non superen o salario mínimo interprofesional terán dereito a unha axuda económica igual a un mes de renda de aluguer.

No caso de que da muller dependan 1 ou máis fillos ou fillas esta axuda será polo valor de 2 meses de renda de aluguer.

- Aquelas mulleres que á saída da Casa de acollida perciban ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional poderán ser obxecto dunha axuda económica para facer fronte ás necesidades urxentes ou inmediatas: merca de alimentos, roupa, utensilios, etc, se así o valora o equipo de técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

En casos excepcionais de mulleres que superan o límite de ingresos poderase conceder a axuda se así o valora a traballadora social do Centro Municipal de Información mediante a emisión dun informe social.

Na fundamentación da solicitude farase constar ademais da contía proposta o investimento á que vai adicada a axuda e con qué documentos se xustificará.

4.- Importe e cobertura das axudas:

Establécense dous tipos de contía:

- a) Unha contía máxima ordinaria de 650.- euros
- b) Unha contía máxima extraordinaria de 900.-euros.

5.- Xustificación das axudas

As axudas concedidas serán xustificadas coa achega da seguinte documentación:

- b) DNI ou documento identificativo da beneficiaria
- c) Declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica.
- d) Facturas ou comprobantes de compra orixinais
- e) Contrato e/ou recibos de aluguer (orixinais ou copia compulsada)

6.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello.

7.- Avaliación e Seguimento:

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente aberto no CMIDM deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 2).

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida elaborárase unha memoria anual que reflicta cando menos:

- a) número de beneficiarias
- b) criterios empregados
- c) utilización das axudas
- d) seguimento dos destinos da axuda
- e) número de solicitudes denegadas
- f) motivo de denegación de solicitudes”

49(220).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO PARA UN PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS NO ÁMBITO DO CASCO VELLO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xerente do Consorcio do Casco Vello de Vigo, do 11.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Convenio de Colaboración no Consorcio do Casco Vello de Vigo para un programa de rehabilitación de fachadas e cubertas no ámbito do Casco Vello, que de seguido se transcribe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO PARA UN PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS NO ÁMBITO DO CASCO VELLO.

En Vigo a

REUNIDOS

Dunha parte _____ do Concello de Vigo.

Doutra D. Santiago Domínguez Olveira, Presidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Da. Elena Maure Noia interven en representación do Concello de Vigo.

D. Santiago Domínguez Olveira, interven igualmente como representante legal do Consorcio do Casco Vello de Vigo, en virtude do disposto no artigo 12 dos seus estatuto e no 21 da Lei 7/1985.

EXPONEN

Primeiro.- Segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levaren a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de todos os servizos que contribúan a satisfacer as necesidades da colectividade vecinal. En particular, ostentan competencias -nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de promoción e xestión de vivendas, e patrimonio histórico artístico (Arts. 25.2 apdos.d) e e) LRBRL e 80.2 apdos. d) e e) LALGA).

O Concello de Vigo é a institución que asume no municipio as competencias que a lexislación de Réxime Local establece en materia de vi venda.

Segundo.- O Consorcio do Casco Vello de Vigo, segundo se indica no seus estatutos, é unha Entidade Local de Dereito Público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins que ten por obxecto articular a cooperación económica, técnica e administrativa entre as Administracións consorciadas a propósito de exercer de forma conxunta e coordinada os fins que He son propios en orde a levar a cabo, de acordó coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de recuperación da súa "Área de Rehabilitación Integrada" (ARI), mediante a adquisición de terreos, ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación.

O Consorcio, para a execución do fin sinalado, está facultado para captar cantos recursos económicos sexan necesarios para o financiamento das actividades e plans propios do Consorcio.

Terceiro.- Á vista dos fins e competencias de ambas as institucións, resulta de interese común a revitalización do Casco Vello da cidade para evitar tanto o deterioro dalgúns inmobles que son parte do patrimonio inmobiliario da cidade, coma a súa negativa incidencia na calidade ambiental do espazo habitado.

Unha das formas de acadar este obxectivo e a aprobación dun programa encaminado a axudar á iniciativa privada para evitar o punto irreversible da ruína, incentivando a conservación e mellora de barrios e centros urbanos, antes que a súa demolición-reconstrución.

A necesidade do programa reforzase se se ten en conta a especial situación na que se encentra o Casco Vello, a aprobación definitiva do seu planeamento especial, así como a súa declaración como Conxunto Histórico-Artístico.

Nesta liña, o Concello de Vigo vén aprobando, dende hai anos, programas de rehabilitación de fachadas e mellora do medio urbano. Ditos programas alcanzan o Casco Vello de Vigo.

Así as cousas e tendo en conta que nos estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo, se establece que o consorcio procurará en todo momento a coordinación das súas actuacións coa Administración municipal do Concello de Vigo e eos órganos competentes da Administración da comunidade autónoma en materia de vivenda ou eos organismos autónomos ou entes públicos dependentes ou vinculados a estas administracións, todo iso co fin de lograr a maior coherencia e eficiencia ñas actuacións que leven a cabo, ambas as administracións pretenden coordinar os seus esforzos en materia de rehabilitación a través dun programa de axudas para incentivar a segundada e ornato de edificacións que se atopan no Casco Vello, compensando así economicamente a carga engadida que para os propietarios dos inmobles suponen os distintos graos de catalogación e logrando a mellora da imaxe urbana e o valor desta zona histórica da cidade.

ESTIPULACIONES

Primeira. OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto financiar un programa de axudas para tratamento de fachadas, paredes medianeiras, cuberías e elementos singulares dos inmobles de interese histórico, arquitectónico ou paisaxístico que se atopan na Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo, compensando así economicamente a carga engadida que para os propietarios dos inmobles suponen os distintos graos de catalogación e logrando a

mellora da imaxe urbana e o valor desta zona histórica da cidade.

Segunda. REXIME XURÍDICO.-

As axudas outorgadas mediante o citado programa, a convocatoria, a tramitación do expediente de concesión, o procedemento de selección, o réxime de outorgamento, as obrigas do beneficiario e as causas da súa extinción rexeranse:

a) Lexislación básica do Estado, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Regulamento que a desenvolve.

b) Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

Terceira. VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o día 31 de decembro de 2008, prazo que pederá ser prorrogado mediante acordó das partes, durante a vixencia deste, de existir razóns suficientes que xustifiquen esta.

Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.

A contribución do Concello de Vigo, con cargo os seus orzamentos, ó financiamento do programa obxecto deste convenio consistirá na contribución de cento vinte mil euros (120.000 €), con cargo á partida _____ do vixente orzamento xeral do Concello.

O pagamento da contribución tarase ó longo da vixencia do presente convenio e, en calquera caso, a medida en que sexa necesario para pagar as axudas outorgadas.

O Concello de Vigo resérvase a facultade de supervisión dos proxectos e o desenvolvemento das obras.

Quinta. OBRIGAS DO CONSORCIO.

O Consorcio do Casco Vello de Vigo, actuará en calidade de ente xestor, promovendo as actuacións no ámbito considerado, determinando un procedemento de distribución dos recursos que asegure os principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, garantindo a transparencia das actuacións administrativas, xestionando e canalizando as axudas procedentes do Concello de Vigo.

A tal efecto o Consorcio tramitará e aprobará as bases e a convocatoria que rexerán o procedemento de outorgamento de subvencións para os fins expresados.

O Consorcio, antes do 10 de decembro do 2008, deberá xustificar ante o Concello de Vigo a aplicación dos fondos achegados ó programa que motiva o presente convenio, facilitando a relación de beneficiarios que foron obxecto das axudas. O Concello poderá ampliar en casos xustificados o prazo de xustificación das devanditas axudas.

Sexta. PUBLICIDADE.

A participación das entidades que asinan o presente Convenio deberá facerse constar en toda a información pública que se edite e, en particular, nos carteis exteriores descritivos das obras.

Sétima. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

En orde ó seguimento das actuacións do presente convenio créase a Comisión Bilateral de Seguimento composta por un representante de cada unha das institucións asiantes, nomeados para o efecto pola Sra. Concelleira de Patrimonio Histórico e polo Sr. Presidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Oitava. EXTINCIÓN.

O presente Convenio extinguirase por resolución e por conclusión ou cumprimento deste. Serán causas de resolución:

1. O incumprimento dalgúns dos pactos contidos no presente documento.

O mutuo acordó das partes.

Calesquera outras que, se é o caso, fosen de aplicación de acordó coa lexislación vixente.

O incumprimento das actuacións investidas previstas no presente Convenio darán lugar á devolución das cantidades achegadas polas respectivas Administracións.

Novena. RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

ó presente Convenio non lie será de aplicación a lexislación de Contratos do Estado, conforme ó disposto no

artigo 3.1 do R.D. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, coas salvidades, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios deste para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Décima. XURISDICCión COMPETENTE.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa resolver as discrepancias que poidan xurdir en aplicación do presente convenio. E en sinal de conformidade, asíñase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

50(221).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO PARA MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 3040/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 8.02.08, o informe de Intervención Xeral, do 15.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 12.02.08, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autorizar o gasto de 328.086 euros/ano para a contratación do servizo de casa de acollida e piso tutelado para mulleres maltratadas que se imputarán á partida 463.2.227.06.00 do presuposto do ano 2008 e seguintes.

2º Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas (na súa redacción de 04-02-2008) para a contratación dos servizos de casa de acollida e piso tutelado para mulleres maltratadas.

3º Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

51(222).- BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN ESPECÍFICA A EMIGRANTES. 28162/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Coordinación de Servizos Sociais, do 15.02.08, conformado pola concellería delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobalas bases para a selección de persoal que prestarán os seus servizos na oficina de información, orientación e inserción socio-laboral para emigrantes retornados e inmigrantes no Concello de Vigo”.

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN ESPECÍFICA A EMIGRANTES

POSTOS DE TRABALLO:

- 1 Licenciado /a en dereito*
- 2 Traballadores/as sociais*
- 1 Auxiliar administrativo/a*

OBXECTO E FUNCIóNS:

O obxecto da presente convocatoria é a selección do persoal necesario para prestar servizo na oficina

de información e atención específica a emigrantes e inmigrantes mediante a realización de probas selectivas.

Funcións:

Licenciado/a en dereito:

- Información e asesoramento en temas legais a inmigrantes e emigrantes retornados sobre a súa condición, tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición da nacionalidade, agrupamento familiar e todo tipo de trámites administrativos que este colectivo precise.
- Asesoramento ao persoal da Oficina nos temas legais da súa competencia que precisen para o desempeño do seu traballo.

Traballadores/as Sociais:

- Planificar e organizar o traballo social da unidade de información e racionalización do traballo.
- Información e asesoramento en temas sociais, prestacións (educativas ou sanitarias), de integración socio-laboral, etc., a persoas na súa condición de inmigrantes ou emigrantes retornados así como a valoración social do feito migratorio e derivación aos servizos correspondentes
- Calquera correspondente a súa categoría.

Auxiliar administrativo/a:

- Apoia-la xestión administrativa do programa, atención ao público usuario dos servizos e cantos labores administrativos sexan necesarios para un correcto funcionamento da Oficina de Emigración.

NATUREZA DOS CONTRATOS:

A modalidade contractual será a de contrato temporal por obra ou servizo de duración determinada, a tempo parcial (20 horas semanais) para o posto de avogado/a e de xornada completa para os postos de traballadores sociais e auxiliar administrativo/a.

As retribucións serán as mesmas que as establecidas para o persoal laboral do Concello nas mesmas categorías e en función da xornada laboral.

A duración do contrato será de un ano, prorrogable como máximo ata o 31 de decembro do 2009, data na que remata a vixencia do convenio asinado entre o Concello e a Secretaria Xeral de Emigración da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia (aprobado pola Xunta de Goberno Local o 7 de xaneiro de 2008).

Establécese un período de proba para todos os postos de seis meses.

REQUISITOS PARA CONTRATAR:

PROHIBICIÓN DE CONTRATAR ESTABLECIDA NO ART. 9.4 DA LEI 4/1998, DO 26 DE MAIO, DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA, INTRODUCIDO POLA LEI 13/2007, DO 27 DE XULLO, EN RELACIÓN CO DISPOSTO NO ART. 15.5 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.

En ningún caso, serán contratadas aquelas persoas que nun período de doce meses anteriores á data de finalización de prazo de presentación de solicitudes, houberen estado contratados polo Concello para o mesmo posto de traballo por un tempo de tres meses, para os efectos de cumprir co disposto no vixente art. 9.4 da Lei da Función Pública de Galicia segundo o cal a Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal, en relación co disposto no vixente art. 15.5 do Estatuto dos Traballadores.

En efecto o Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego e materializada na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, que modificou o art. 15.5 do Real Decreto Leixlativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, que establece que os traballadores/as que nun período de 30 meses houberen estado contratados durante un prazo superior a 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa, mediante dous ou máis contratos temporais, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos. Quedan expresamente excluídos do alcance da presente reforma os contratos laborais de interinidade, formativos e de relevo, pero sí se inclúen os contratos de duración determinada por acumulación de tarefas ou circunstancias da produción e o contrato por obra ou servizo determinado.

REQUISITOS XERAIS E ESPECÍFICOS:

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo para a presentación de instancias:

Xerais:

- 1. Ter nacionalidade española ou ser nacional de calquera dos estados membros da Unión Europea, ou de aqueles estados aos que lles sexa de aplicación a Lei de libre circulación de traballadores nos termos previstos na lexislación estatal que regula esta materia.*
- 2. Ser maior de 18 anos.*
- 3. Estar en posesión da titulación requirida para cada posto de traballo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.*
- 4. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.*
- 5. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin inhabilitado/a por sentenza firme para o desempeño das funcións públicas.*
- 6. Acreditar coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento escrito da lingua galega farase por medio da presentación de certificado acreditativo da realización do curso de perfeccionamento de lingua galega.*

Específicos:

Licenciado/a en dereito:

- ◆ *Licenciatura en Dereito.*
- ◆ *Experiencia de traballo con poboación emigrante ou formación nese ámbito.*
- ◆ *Coñecemento documentado de inglés e/ ou francés falado e escrito.*
- ◆ *Coñecementos de informática.*
- ◆ *Coñecemento da lingua galega*

Traballadores/as sociais:

- ◆ *Diplomatura en Traballo Social*
- ◆ *Experiencia de traballo con poboación emigrante ou formación nese ámbito ou con grupos en situación de exclusión ou desvantaxe social.*
- ◆ *Coñecemento documentado de inglés e/ ou francés falado e escrito*
- ◆ *Coñecementos de informática.*
- ◆ *Coñecemento da lingua galega*

Auxiliar Administrativo/a:

- ◆ *Título de FP I rama administrativa ou equivalente.*
- ◆ *Coñecemento documentado de inglés e/ ou francés.*
- ◆ *Coñecementos de informática (procesador de textos, bases de datos, folla de cálculo, internet, etc.)*
- ◆ *Coñecemento da lingua galega.*

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.

Prazo: *5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio.*

Lugar de presentación: *Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido á Comisión de Selección da oficina de emigración.*

Horario de entrega: *De 9:00 a 13:00 horas*

Documentación: *Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo debidamente compulsados.*

O requisito para contratar será comprobado por esta Admnsitración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.

PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será de oposición e constará de dúas probas eliminatorias de non acadarse a puntuación mínima nelas:

1º Exercicio: Cuestionario tipo test sobre os contidos do temario establecido para cada categoría. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 1 hora de duración. Constará de:

- *50 preguntas con tres posibles respostas no caso do avogado/a*
- *30 preguntas con tres posibles respostas no caso do/a traballador/a social.*
- *20 preguntas con tres posibles respostas no caso do/a auxiliar administrativo/a*

A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos, sendo necesaria a obtención de 5 puntos para superala. Os erros non restan puntuación.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos exercicios.

2º Exercicio: Realización dunha proba práctica de dúas horas de duración, consistente en :

- *Tres supostos no caso do/a avogado/a*
- *Dous supostos no caso do/a traballador/a social*
- *Un suposto no caso do/a auxiliar administrativo/a sobre coñecementos a nivel de usuario/a de contornos operativos Windos ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (MS office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos(navegación, correo electrónico, etc)*

A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos, sendo necesaria a obtención de 5 puntos para superala.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos exercicios.

COMISIÓN DE VALORACIÓN:

Estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia:

Titular: O Xefe da Área de Benestar Social, D. Xosé Lois Cea Nogueira Suplente: a Xefa de Sección de Coordinación, Dª Paz Fernández Fernández.

Secretario/a:

A Técnica do departamento de Benestar Social, Dª Mª José Quintela Rodríguez.

Vogais:

Titulares: D. Xesús Costas Abreu, funcionario da Asesoría Xurídica.

Dª María Dapena Gómez, Xefa da Unidade de Persoal.

Pola Secretaria Xeral de Emigración, D/Dona. (por determinar)

Suplentes: Dª Susana García, funcionaria da Asesoría Xurídica.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, Técnico de organización adscrito á Unidade de Persoal.

TEMARIO:

O temario no que se basearan as probas será o seguinte:

Licenciado/a en dereito:

- *A Constitución Española. Principios constitucionais. Deberes e dereitos fundamentais. Garantías legais, xurisdiccionais e institucionais.*
- *O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*
- *A Administración Pública no ordenamento español. Clases. Principios de actuación.*
- *O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local. O municipio.*
- *Procedemento administrativo. O acto administrativo. Recursos administrativos.*
- *Normativa sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.*
- *Normativa sobre a regulación dos estranxeiros.*
- *Normativa sobre a integración social dos estranxeiros.*
- *Normativa sobre a entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea.*
- *A Lei de Servicios Sociais de Galicia.*

Traballador/a Social:

- *A Constitución Española. Principios constitucionais. Deberes e dereitos fundamentais.*

- *O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*
- *O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local. O municipio.*
- *Normativa sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.*
- *Normativa sobre a regulación dos estranxeiros, e a súa integración social.*
- *Lei de Servizos Sociais de Galicia e Anteproxecto da nova Lei.*
- *Prestacións e axudas socioeconómicas, para emigrantes e traballadores/as retornados/as. A Renda Activa de Inserción.*

Auxiliar administrativo/a:

- *A Constitución Española. Principios constitucionais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Garantías legais e constitucionais.*
- *O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*
- *O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local.*
- *Procedemento administrativo. O acto administrativo.*

52(223).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE EMERXENCIA PARA O ANO 2008. EXPTE. 28702/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 15.02.08, o informe do xefe de Recursos e Asesoramento, do 14.02.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 4.01.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto de 140.000 euros con cargo a partida 3130.480.00.00; 77.000 euros con cargo a partida 3130.780.00.00 e 20.000 euros con cargo á partida 4123.480.00.00, para facer fronte as axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia no exercicio 2008, correspondentes os centros de gasto 3130 –Benestar Social- e 4123 –CEDRO- dependentes da Concellería de Benestar Social, facultando á Concelleira-Delegada de Benestar Social para a concesión das concretas axudas económicas a favor dos usuarios de benestar social.

Segundo.- Aprobar a realización de libramentos a xustificar ata os importes máximos indicados no apartado primeiro, a nome da funcionaria habilitada de Benestar Social, D^a M^a Paz Fernández Fernández, DNI 03821230X e D. Francisco Otero Lamas, DNI 36.047.540-P, habilitado Director de CEDRO para facer efectivos os referidos gastos e que serán aboadas nas contas resinxidas da Tesourería Municipal.

Terceira.- Aprobar o marco de actuación do do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social.

MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE

EMERXENCIA PARA O ANO 2008

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servicios sociais e de promoción e inserción social.

Os servicios sociais municipais, tanto de atención primaria como especializada, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción. Réxense de acordo cos principios xerais que establece a Lei de servicios sociais 4/93, de 14 de abril, e o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servicios sociais de atención primaria.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, os servicios sociais municipais prestan unha atención integral as persoas, baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu entorno familiar e comunitario, contando con un conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta as carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas de carácter individual em relación a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia para o longo do ano 2008, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica en relación as subvencións dentro das bases de execución do orzamento para o ano 2008 e recollidos na “base 38ª”.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN

Primeira.- Obxecto

É o conxunto de disposicións dinerarias excepcionais, de carácter propio ó subsidiario e/ou complementario doutro tipo de recursos económicos previstos na lexislación vixente, suxeitos o cumprimento dos fins indicados na base segunda e coma parte do conxunto de intervencións e actuacións específicas necesarias para a prevención, asistencia e promoción social e de emerxencia.

Segunda.- Finalidade

- Apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas en relación á alimentación, aloxamento provisional, vestido, educación, transporte, formación, atención sanitaria non cuberta polo sistema público, vivenda, etc.
- Evitar as consecuencias físicas, psíquicas e sociais que a carencia de recursos económicos suficientes provoca e que afecten ó normal desenvolvemento das persoas na sociedade.

Terceira.- Clasificación das prestacións

- d) Prestacións económicas que serán entregadas en metálico ou cheque bancario.
- e) Prestacións económicas efectuadas a provedores, arrendatarios, subministradores, etc dos usuarios ou beneficiarios do programa.

Cuarta.- Ámbito de aplicación

O programa de prestacións individuais diríxese a aquelas persoas e familias que atópanse en situación de necesidade social empadroadas no Concello de Vigo ou teñan a consideración de transeúntes ó longo do ano 2008

Quinta.- Crédito orzamentario

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto ás partidas de gasto 480.00.00 dos programas 3130 -Benestar Social- e 4123 -CEDRO – en base os seguintes créditos:

| <i>Partida</i> | <i>Importe</i> |
|----------------|----------------|
| 3130.480.00.00 | 140.000,00 €. |
| 4123.480.00.00 | 20.000,00 €. |

Para as axudas que o Concello de Vigo concede destinadas ó acondicionamento de vivendas ou para as complementarias convocadas por outras Administracións o gasto será contemplado na Partida 780.00.00 do funcional 3130. em base o seguinte credito:

| <i>Partida</i> | <i>Importe</i> |
|----------------|----------------|
| 3130.780.00.00 | 77.000,00 €. |

Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

Sexta.- Requisitos dos beneficiarios

Poderán ser titulares do programa de prestacións tódalas persoas ou unidades familiares comprendidas na base cuarta, sen discriminación de ningún tipo e incluso non censadas no Concello no caso dos considerados transeúntes.

Non se poderá acceder a estas axudas cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido e para o mesmo concepto.

Sétima.- Procedemento de concesión

A concesión da subvención realizarase de forma directa debido a inmediatez, excepcionalidade e urgencia das axudas, baseadas en razóns de interese público, social, económico e humanitario que dificultan a convocatoria pública.

Oitava.-Importe

O importe da prestación será proposto, en cada caso, pola profesional que corresponda dentro dos que sinale a Comisión técnica, importes que poderán variar en calquera momento polo número de demandas, situación das partidas económicas, etc., observándose as contías máximas que se establecen na base décima.

Novena.- Natureza das prestacións económicas.

Indícanse, con carácter xeral, os seguintes conceptos de prestacións:

- De vivenda: polos conceptos de gastos de alugamento ou derivados de intereses ou amortización de créditos e gastos necesarios para o disfrute e mantemento da vivenda ou aloxamento habitual non contemplados por outras Administracións. Así mesmo inclúense as fianzas para alugamento, importes pendentes en evitación de desafiúzo, reparación de necesidades básicas, mobiliario de primeira necesidade, etc.*
- De alimentación.*
- De apoios necesarios para o desenvolvemento de actividades de inserción sociolaboral.*
- Gastos de suministros (luz, auga e gas)*
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público.*
- Gastos persoais (vestiario, calzado, viaxes por situacións familiares graves, etc.)*
- Gastos de aloxamento.*

En todo caso, as prestacións concedidas teñen un carácter voluntario, temporal e extraordinario e non poderán ser invocadas como precedente.

Décima.- Contía das axudas.

As profesionais da UBAS ou dos programas especializados que propoñan as axudas determinarán as cantidades en función dos membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, de existir, e por estar pendente de percibir unha prestación.

As contías máximas da axuda en función das circunstancias apuntadas na cláusula anterior serán; por unidade familiar.

A) Vivenda

- 1.A) En relación con alugamentos, fianzas e desafiuzamentos o importe máximo a conceder será de 500 € mensuais con un tope de 3.000 € anuais.
- 2.A) Para reparacións básicas a contía anual a conceder a un mesmo beneficiario non poderá exceder de 2.000,00 € anuais.
- 3.A) Para mobiliario de primeira necesidade a contía máxima a conceder é de 1.500,00 € anuais.
- 4.A) Para calquera outra actuación en vivenda non contemplada anteriormente que a Comisión Técnica acorde a axuda, esta non excederá os 500,00 € anuais.
- 5.A) Para préstamos que teñan relación coa vivenda (hipotecarias ou outros) 500,00 € mensuais cun tope de 3.000,00 € anuais.
- 6.A) Nas axudas para acondicionamento de vivendas incluídas en convocatorias doutras Administracións, o gasto en base a estas Normas non poderá exceder en ningún caso da axuda concedida pola entidade convocante.

B) Alimentación

Ata un máximo de 530 € mensuais ou 3.180 € anuais, de acordo co seguinte baremo:

| MEMBROS UNIDADE FAMILIAR | EUROS MES | EUROS ANUAIS |
|--------------------------|-----------|--------------|
| 1 | 180 | 1.080 |
| 2 | 250 | 1.500 |
| 3 | 320 | 1.920 |
| 4 | 380 | 2.280 |
| 5 | 430 | 2.580 |
| 6 | 480 | 2.880 |
| 7 ou máis | 530 | 3.180 |

- De apoios á inserción, ata un máximo de 60 € mensuais ou 300 € anuais.
- De suministros, ata un máximo de 75 € mensuais ou 450 € anuais. (Exceptuando as reposicións de servizos).
- Gastos persoais, ata 400 € anuais.
- Gatos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público, ata 750 € anuais.
- Gastos de aloxamento, ata tres meses ao longo do ano.
- Noutras axudas convocadas por distintas Administracións non contempladas anteriormente e que a traballadora social de atención primaria entenda que é necesario coadjuvar con algunha achega municipal tendo en conta a situación da familia, en ningún caso se excederá do importe concedido por aquela.
-

Décimo primeira.- Instrucción do procedemento

Os funcionarios responsables das UBAS ou programas especializados que resulten competentes en cada caso, proporán e informarán preceptivamente a concesión das axudas.

Para o establecemento dos conceptos e condicións particulares para acceder ó programa, estarase ó dictame baseado en criterios de igualdade, obxectividade e non discriminación, emitido por unha Comisión técnica integrada polo Xefe de área Acción Social, a Xefa de Sección de Coordinación e a técnica de Actividades Económicas do departamento. Asistirá as sesións da Comisión técnica a responsable da UBAS ou programa que corresponda.

O dictame da Comisión deberá axustarse, en todo caso, ás liñas xerais que se establecen nestas Bases, fundamentalmente ás contías máximas para cada un dos tipos de axuda, contías que se poderán superar en situacións excepcionais previo informe da mesma Comisión e aprobación singular da Xunta de Goberno Local, cando proceda

Décimo segunda.- Normas de xestión

A/o profesional responsable da UBAS ou programa, propondrá a contía da prestación á Comisión técnica que se establece na cláusula Décima primeira -que se reunirá semanalmente-, a cal a dictaminará e coa conformidade da Concellería- Delegada se librá contra a conta habilitada correspondente.

En casos excepcionais a/o profesional correspondente e a/o responsable do programa poderán determina-la contía e proximidade do abono en caso de que a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión técnica, a quen se elevara na primeira reunión que se celebre.

Contra a entrega do importe da axuda, e no impreso anexo –anexo I- que contempla a valoración técnica a que se refire a base décimo primeira, o beneficiario firmará a recepción e aportará fotocopia do DNI por ámbalas dúas caras, ou documento de identidade suficiente. No caso de non dispor de documentación aclararase a circunstancia de tal extremo no recadro.

O beneficiario contará con seis días naturais, a partir da recepción da axuda, para presentar as facturas xustificativas do importe percibido.

Nos casos en que a axuda sexa para pagar a terceiros –alugueiros, abastecementos de luz, etc., achegarase o recibín –anexo I- a factura correspondente ou copia da transferencia bancaria.

Someteranse á consideración da Xunta de Goberno as axudas que individualmente consideradas superen os seis mil euros. A Concellería-Delegada é competente para aprobar os gastos que non excedan de seis mil euros. Anexo II

No caso de prestacións económicas indirectas –aloxamento alternativo, alugueiros, aprovisionamento de mobles, etc., procurárase abona-lo importe á empresa subministradora do servizo, polo que achegarase factura ou copia da transferencia bancaria.

A solicitude dos departamentos de Benestar Social e Cedro, realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación a conta delegada de Benestar Social número 2080 0000 74 0040242619, e a conta delegada de CEDRO, número 2080 0000 74 0040290283 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás partidas 3130.480.00.00 e 4123.480.00.00 e no seu caso para a partida 3130.780.00.00.

Décimo terceira.- Comprobación da xustificación da subvención

Toda concesión de prestación económica implicará por parte da/do profesional correspondente das UBAS ou programa, una valoración técnica breve da situación socioeconómica do beneficiario/a con estudo da demanda que acredite a adecuación da axuda e valoración que, a efectos xustificativos, incluírase no documento de percepción (Anexo I).

Décimo cuarta.- Obriga dos beneficiarios

- Aplica-la prestación á finalidade para a que foi concibida.*
- Comunica-los cambios que puideran dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.*

- Reintegra-lo importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
- Comunicar calquera cambio de domicilio.
- Cumpri-las condicións que especialmente lle sexan impostas polo/a profesional dde traballo social correspondente.
- Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida, no prazo de seis días naturais, contados desde o día seguinte a sinatura da recepción da axuda.

Décimo quinta.- Publicidade das subvencións concedidas

A concesión destas axudas queda exento de publicación por canto, en razón do obxecto da subvención, súa publicidade atentaría contra o respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 6 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e a propia imaxe.

Décimo sexta.- Seguimento e efectividade das prestacións.

Os Servicios sociais municipais efectuarán o seguimento adecuado para controlar o bo fin das prestacións concedidas.

53(224).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE MUNICIPAL “VIGO 2008-2009”. EXPTE. 4504/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 6.02.08, o informe de Intervención Xeral, do 15.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 15.02.08, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Autorizar o gasto 420.000 euros euros para a prestación dos servizos de Campaña de información da actividade municipal "VIGO 2008-2009" que se imputarán á partida presupuestaria 111.1.226.02.01 do presuposto do ano 2008 e 2009.

2º Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 13-02-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos da Campaña de información da actividade municipal "VIGO 2008-2009".

3º Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

54(225).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA INFORMATIVA DA ACTIVIDADE MUNICIPAL “O CONCELLO INFORMA”. EXPTE. 4521/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 6.02.08, o informe de Intervención Xeral, do 15.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 15.02.08, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 400.000 euros para a prestación dos servizos de Campaña informativa da actividade municipal "O Concello Informa" que se imputarán á partida presupuestaria 111.1.226.02.00 do presuposto do ano 2008 e 2009.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 13-02-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de campaña informativa da actividade municipal "O Concello Informa".

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

55(226).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.